

PUBLICACIÓN ACTA

PLENO ORDINARIO DE LA CORPORACIÓN CELEBRADO EL 28 DE MAYO DE 2026

La publicación de esta acta se realiza en cumplimiento de la Ley 19/2013 de Transparencia y la normativa de Régimen Local. Los datos de carácter personal de personas físicas identificadas o identificables han sido objeto de anonimización o seudominización, siguiendo los principios de minimización y limitación de la finalidad exigidos por el RGPD (UE) 2016/679 y la LOPDGDD 3/2018.

Aquellas personas que acrediten un interés legítimo y directo podrán solicitar el acceso al contenido íntegro y no anonimizado de los expedientes mediante solicitud por Registro de Entrada, sujeta a la correspondiente ponderación jurídica.

Firma digitalmente. José María Vázquez Pita (Secretario General)

**SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
CORRESPONDENTE AO DÍA 28-05-2026**

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DE ACTA DE SESIÓNS ANTERIORES (Pleno Extraordinario do 14.04.2026 e Pleno Ordinario do 30.04.2026).-

2. DACIÓN CONTA INFORMACIÓN TRIMESTRAL EXECUCIÓN ORZAMENTARIA 1ºT 2026.-

3. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES REGULADORAS DE SUBVENCÍONS PARA ASOCIACIÓNS DE VECIÑOS DESTINADAS AO FOMENTO DA CONVIVENCIA.-

4. APROBACIÓN DEFINITIVA SEGUNDA DO PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUCTURAS E DOTACIÓNS DE CASAS NOVAS (PEID).-

5. PROPOSTA DE RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL DO REGULAMENTO DAS CONDICIÓNIS DE TRABALLO DOS FUNCIONARIOS DE POLICIA LOCAL DO CONCELLO DE ARTEIXO.-

6. MOCIÓN INSTITUCIONAL PARA REXEITAR A INSTALACIÓN DUNHA PLANTA DE BIOGÁS NO CONCELLO VEDIÑO DA LARACHA (RE 2026/999/5327 do 19.05.2026).-

7. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL NON ADSCRITO PARA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS EN RELACIÓN COA OCUPACIÓN ILEGAL DO DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL NA TRAVESÍA DE ARTEIXO E A RECLAMACIÓN DAS CANTIDADES E RESPONSABILIDADES QUE LEGALMENTE PROCEDAN (RE 2026/999/5351 do 19.05.2026).-

8. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PROPOÑENDO UN NOVO SISTEMA DE BECAS EDUCATIVAS DO CONCELLO DE ARTEIXO (RE 2026/999/5351 do 19.05.2026).-

9. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA REXEITANDO A IMPLANTACIÓN DO DENOMINADO CRITERIO DE "PRIORIDADE NACIONAL" (RE 2026/999/5351 do 19.05.2026).-

10. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA DOTAR DE EQUIPAMENTO E PERSOAL PRECISO A INSTALACIÓN DE RAIOS X NO CENTRO DE SAÚDE DE ARTEIXO.-

11. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA CONDENAR O ASALTO ILEGAL DE ISRAEL Á FLOTILLA HUMANITARIA GLOBAL SUMUD (RE 2026.999.5493 do 22.05.2025).-

12. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE NON ADSCRITOS PARA DEMANDAR O ARRANXO URGENTE E O REASFALTADO INTEGRAL DA ESTRADA AC-552 AO SEU PASO POLO MUNICIPIO DE ARTEIXO (RE 2026.999.5549 do 25.05.2026).-

13. ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se da conta de ningún.

B) PARTE DE CONTROL.-

1. DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS E BANDOS DITADOS POLA ALCALDÍAPRESIDENCIA E DAS XUNTAS DE GOBERNO LOCAL.-

2. ROGOS E PREGUNTAS.-

**BORRADOR DA ACTA NÚMERO 2026/6 DO PLENO ORDINARIO DA CORPORACIÓN
CORRESPONDENTE AO DÍA XOVES 28 DE MAIO DE 2026
(28-05-2026)**

-Expediente 2026/G010/000006-

SR. ALCALDE-PRESIDENTE

JOSE CARLOS CALVELO MARTINEZ

Grupo PARTIDO POPULAR

JOSÉ MARÍA SÁNCHEZ NOVO

PATRICIA AMADO VARELA

INÉS RAMOS ÁLVAREZ

JOSEFA ZAS SUÁREZ

PURIFICACIÓN ZAS RODRÍGUEZ

JOSÉ MANUEL PENA SANMARTÍN (Abandona a sesión antes do punto 12º da orde do día)

JOSÉ MANUEL CAAMAÑO VARELA

ÁNGEL VÁZQUEZ SANDE

EMILIO MACEIRAS LÓPEZ

JOSÉ ANTONIO CALVELO AÑÓN

VÍCTOR MERELAS

MARÍA DOLORES DUBRA LÓPEZ

LUIS ALBERTO CASTRO CALVETE

Grupo PARTIDO SOCIALISTA

MARTÍN SECO GARCÍA

ANA MARÍA CEDEIRA ZAS (Abandona a sesión antes do punto 11º da orde do día)

FERNÁNDO VÁZQUEZ MARTÍNEZ

EVA MARÍA SÁNCHEZ RAMILO

Grupo BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

XOSÉ XURXO COUTO RODRÍGUEZ

RAÚL JOSÉ FERNÁNDEZ IGLESIAS

Grupo NON ADSCRITOS

NOELIA MARTÍNEZ CANOSA

SR. INTERVENTOR:

RODOLFO ALONSO GARCÍA

SR. SECRETARIO XERAL:

JOSÉ MARÍA VÁZQUEZ PITA

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Arteixo (A Coruña), sendo as nove horas e trinta minutos do día xoves 28 de maio de 2026, reúnese baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente o Pleno da Corporación Municipal, en sesión ordinaria de primeira convocatoria para tratar os asuntos da súa competencia que figuran na orde do día.

Segundo establece o artigo 47.2 do Regulamento Orgánico Municipal, no Concello de Arteixo as actas do Pleno municipal adoptan o sistema de videoactas. O presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión Ordinaria do Pleno municipal do día xoves 28 de maio de 2026, que xunto coa gravación dispoñible na páxina web do Concello www.arteixo.org (Código SHA 512 (Hash) del video:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

fc45be1dc78099b0277b025f9032fa5b3de79231b6fd768d5cae2cc4e4b922c2c699218c36f29fec653d57fa2d62de24da84d01aa1c06154a1f15c643e4a50c4), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que ao final desta Acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da grabación de cada punto, co fin de facilitar a súa localización.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DE ACTA DE SESIÓN ANTERIORES (Pleno Extraordinario do 14.04.2026 e Pleno Ordinario do 30.04.2026).- Aberto o acto pola Presidencia, pregúntase se algún membro desexa facer algunha observación aos seguintes borradores de Actas de Sesións Plenarias:

- Acta do Pleno Extraordinario, celebrado o 14 de abril de 2026.
- Acta do Pleno Ordinario, celebrado o 30 de abril de 2026.

Non formulándose ningunha, a Alcaldía-Presidencia somete a aprobación a antedita acta.

O Pleno da Corporación, en VOTACIÓN ORDINARIA e por;

- UNANIMIDADE, acorda prestar aprobación a Acta do Pleno Extraordinario celebrado o de abril de 2026, e a súa transcripción ao Libro de Actas correspondente.
- MAIORÍA (coa abstención do Sr. Seco García, do grupo municipal socialista, por non asistir á mesma), e a súa transcripción ao Libro de Actas correspondente.

2. DACIÓN CONTA INFORMACIÓN TRIMESTRAL DA EXECUCIÓN ORZAMENTARIA 1º 2026.- Dase conta ao Pleno da Corporación da proposta emitida polo Concelleiro de Economía e Facenda, D. Emilio Maceiras López, en data 22.05.2026, con CVD [REDACTED] para a dación de conta do informe emitido en data 19.05.2026 polo Interventor Municipal, D. Rodolfo Alonso García, relativo ao asunto referenciado, con CVD [REDACTED], co que obran anexos os estados correspondentes:

“Procedemento.- Xestión de propostas

Expediente.- 2026/G006/000205

Proposta de acordo

Asunto: dación conta información trimestral execución orzamentaria. 1º trimestre 2026.

Primeiro.- O artigo 207 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, dispón que a Intervención remitirá ao Pleno, por conduto da Presidencia, información da execución dos orzamentos e do movemento da tesourería por operacións orzamentarias independentes e auxiliares do orzamento e da súa situacións, nos prazos e coa periodicidade que o Pleno estableza.

Segundo.- A base 53ª de execución do orzamento para o ano 2024 dispón textualmente, no seu apartado 1, que: *“no cumprimento do disposto no artigo 207 do TRLRFL, a Intervención municipal remitirá ao Pleno da Corporación, por conduto da Presidencia, un informe trimestral sobre a execución do orzamento co mesmo contido que o remitido ao Ministerio de Facenda e Función Pública trimestralmente, a través da plataforma dixital habilitada ao*

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

efecto.”

Terceiro.- A Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira establece no seu artigo 6, entre os principios reitores que vinculan a todos os poderes públicos, aos cales deberá adecuarse a política orzamentaria do sector público orientada á estabilidade orzamentaria e á sustentabilidade financeira, o principio de transparencia.

No número 2 do dito precepto, sinala que corresponde ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas prover a dispoñibilidade pública da información económico-financiera relativa aos suxeitos integrados no ámbito de aplicación da lei, co alcance e periodicidade que derive da aplicación das normas e acordos nacionais e das disposicións comunitarias e que as administracións públicas subministrarán toda a información necesaria para o cumprimento das disposicións da lei ou das normas e acordos que se adopten no seu desenvolvemento, e garantirán a coherencia das normas e procedementos contables, así como a integridade dos sistemas de recompilación e tratamento de datos.

Cuarto.- No seu artigo 27.2, esta Lei remite o desenvolvemento do contido, procedemento e prazo de remisión da información a subministrar polas entidades locais ao Ministerio á aprobación dunha orde do ministro de Facenda e Administracións Públicas.

En execución do dito mandato, ditouse a Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á que, segundo a base 53ª de execución do orzamento, débese axustar o contido da información que subministre trimestralmente a Intervención.

Quinto.- O artigo 16 da Orde HAP/2105/2012, establece a obriga para as entidades locais de remitir, antes do último día do mes seguinte á finalización de cada trimestre natural, da seguinte información, entre outra:

1. *“A actualización dos orzamentos en execución, incorporadas as modificacións orzamentarias xa tramitadas e/ou as que se prevé tramitar ata final de ano, e das previsións de ingresos e gastos das entidades suxeitas ao Plan xeral de contabilidade de empresas ou ás súas adaptacións sectoriais, e os seus estados complementarios.*
2. *As obrigas fronte a terceiros, vencidas, líquidas, exixibles, non imputadas a orzamento.*
3. *A información que permita relacionar o saldo resultante dos ingresos e gastos do orzamento coa capacidade ou necesidade de financiamento, calculado conforme as normas do Sistema europeo de contas.*
4. *A actualización do informe da intervención do cumprimento do obxectivo de estabilidade e do límite da débeda. Así mesmo, a intervención realizará unha valoración do cumprimento da regra de gasto no peche do exercicio.*
5. *Un resumo do estado de execución do orzamento acumulado ao final de cada trimestre, dos ingresos e gastos do orzamento e dos seus estados complementarios, con indicación dos dereitos recadados do exercicio corrente e dos exercicios pechados e as desviacións respecto das previsións. Os estados de execución, para o*



mesmo período, dos ingresos e gastos, para as entidades suxeitas ao Plan xeral de contabilidade de empresas ou ás súas adaptacións sectoriais.

6. O informe trimestral, regulado no artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, na cal se incluírá, polo menos, de acordo coa metodoloxía establecida para o cálculo, o período medio de pagamento a provedores das administracións públicas, o detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores, así como das operacións pagadas e pendentes de pagamento de cada entidade e do conxunto da corporación local.

7. As actualizacións do seu plan de tesouraría e detalle das operacións de débeda viva que conterà, polo menos, información relativa:

a) Ao calendario e orzamento de tesouraría que conteña os seus cobramentos e pagamentos mensuais por rúbricas, distinguindo os pagamentos incluídos no cálculo do período medio de pagamento a provedores e incluíndo a previsión do seu mínimo mensual de tesouraría.

b) Á previsión mensual de ingresos.

c) Ao saldo de débeda viva.

d) Ao impacto das medidas de aforro e medidas de ingresos previstas e calendario previsto de impacto en orzamento.

e) Aos vencementos mensuais de débeda a curto e longo prazo.

f) Ao calendario e contías de necesidades de endebedamento.

g) Á evolución do saldo das obrigas recoñecidas pendentes de pagamento tanto do exercicio corrente coma dos anos anteriores, distinguindo o importe das obrigas pendentes de pagamento incluídas no cálculo do período medio de pagamento a provedores.

h) Ao perfil de vencementos da débeda dos próximos dez anos.

1. De acordo co previsto no Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pagamento a provedores das administracións públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, a seguinte información relativa ao seu período medio de pagamento a provedores referido ao trimestre anterior:

a) O período medio de pagamento global a provedores trimestral e a súa serie histórica.

b) O período medio de pagamento trimestral de cada entidade e a súa serie histórica.

c) A ratio trimestral de operacións pagadas de cada entidade e a súa serie histórica.

d) A ratio de operacións pendentes de pagamento trimestral de cada entidade e a súa serie histórica.

1. Os datos de execución previstos nos números 1 e 2 do artigo 7 relativos ás unidades integrantes do sector de administracións públicas da contabilidade nacional, así como o número de efectivos referidos ao último día do trimestre anterior."

Sexto.- No mes de abril de 2026 subministrouse, por medios electrónicos a través da aplicación para a captura da execución orzamentaria trimestral das entidades locais do Ministerio de Facenda e nos termos previstos na Guía para encher os datos correspondentes ao presente trimestre, a información trimestral cos apartados que se indican na documentación anexa ao informe da Intervención que se achega ao expediente.

Do cal dáse conta ao Pleno da Corporación.

Asinado dixitalmente.- Emilio Maceiras López
Concelleiro de Economía e Facenda.”

O Pleno da Corporación queda informado.

3. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES REGULADORAS DE SUBVENCIONS PARA ASOCIACIÓNS DE VECIÑOS DESTINADAS AO FOMENTO DA CONVIVENCIA.- Dase conta ao Pleno da Corporación de que a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno, en sesión ordinaria celebrada o luns 25 de maio de 2026, emitiu o seguinte **DITAME**:

“5. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES REGULADORAS DE SUBVENCIONS PARA ASOCIACIÓNS DE VECIÑOS DESTINADAS AO FOMENTO DA CONVIVENCIA.-

“PROCEDIMENTO.- Xestión de Propostas

Expediente.- 2026/G006/000186

Ref.-

As presentes bases teñen por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás Asociacións de Veciños constituídas como tales, e con ámbito de actuación no Concello de Arteixo, co fin de colaborar co tecido asociativo municipal para o fomento de participación da cidadanía, o desenvolvemento de actividades de ocio e programas de participación e dinamización de interese xeral que contribúan inequivocamente á mellora da calidade de vida e ao benestar da veciñanza de Arteixo, en concordancia co obxectivo estratéxico 6, Protección cidadá e do entorno, do Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Arteixo.

Para os efectos destas bases, subvencionaranse os gastos necesarios para desenvolvemento de actividades de interese xeral, que se encadren dentro dalgún das seguintes liñas de actividades:

Liña 1.- Programas e actividades que favorezan a participación entre a veciñanza: actividades de animación destinadas ao fomento da convivencia, interrelación das persoas e integración na vida da comunidade e promoción e fomento do asociacionismo

Liña 2.- Financiamento de actividades de formación ou saídas do entorno municipal, dirixidas á promoción da participación social, a convivencia e o fortalecemento dos vínculos entre a veciñanza. Iniciativas que inclúan a organización e desenvolvemento de actividades formativas, cursos, obradoiros, xornadas ou excursións de carácter sociocultural, educativo ou recreativo, sempre que estean orientadas a fomentar a implicación activa da cidadanía na vida comunitaria.

Estas actuacións deberán favorecer a creación de espazos de encontro, intercambio de coñecementos e experiencias, así como contribuír á cohesión social, á integración e á dinamización da vida local, promovendo valores de colaboración, solidariedade e participación entre as persoas veciñas.

Consta no expediente informe técnico de data 24 de abril de 2026 con cvd: que emite M^a Beatriz Parceró García, Técnica de Integración Social de Xuventude e participación Cidadá.

En vista do anterior, en relación ao asunto de referencia, propónse a elevación á comisión informativa de asuntos xerais a seguinte proposta para ditame:

- PRIMEIRO: Aprobar as bases cos seus anexos reguladoras das subvencións municipais en réxime de concorrência competitiva, destinadas as Asociacións Veciñais rexistradas no Rexistro de Asociacións Municipais do Concello de Arteixo para o fomento da convivencia.

- SEGUNDO: Publicar as referidas bases no taboleiro de anuncios do Concello e no B.O.P.

TEXTO INTEGRO DAS BASES REGULADORAS DE SUBVENCÍONS PARA ASOCIACIÓNS DE VECIÑOS DESTINADAS AO FOMENTO DA CONVIVENCIA

CAPITULO I.- DISPOSICIÓNS XERAIS

ARTIGO 1.- OBXECTO E FINALIDADE E BENEFICIARIAS DAS SUBVENCÍONS.

O Concello de Arteixo ten como obxectivo mellorar as condicións de vida das persoas que residen no municipio, podéndose realizar a actividade municipal para o desenvolvemento das súas políticas públicas tanto de forma directa como indirecta, favorecendo a realización por parte de persoas ou colectivos, de actividades de interese xeral.

A actividade de fomento é aquela actividade administrativa dirixida a satisfacer de maneira indirecta determinadas necesidades de carácter público, promovendo a acción das persoas particulares mediante o outorgamento de diferentes incentivos que a fagan posible. As subvencións son as ferramentas que permiten orientar a actividade das persoas particulares, así como a consecución dos obxectivos por quen pode estar en mellor disposición de alcanzalos e por quen pode axilizar a súa execución.

A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no seu preámbulo, expón que unha parte importante da actividade financeira do sector público se canaliza a través de subvencións co obxecto de dar resposta a demandas sociais e económicas de persoas e entidades a través de medidas de apoio financeiro.

Esta lei, no seu artigo 8.1, establece como elemento de xestión e instrumento de mellora a conveniencia de elaborar un Plan Estratéxico de Subvencións que permita relacionar os obxectivos e acadar os efectos que se pretenden conseguir cos custos previstos e a súa financiación. A finalidade é a de adecuar as necesidades públicas a cubrir mediante as subvencións cos recursos dispoñibles.

Por este motivo o Concello de Arteixo realizou un Plan Estratéxico, que foi aprobado con data de 28 de marzo de 2018 no Pleno do Concello de Arteixo, e no que se contemplan as áreas e materias a fomentar, así como os obxectivos e efectos que se pretenden acadar co outorgamento das subvencións. Este Plan foi aprobado inicialmente para o período 2018-2021 (BOP número 64 de 5 de abril de 2018), e foi prorrogado durante o exercicio 2022 tendo unha vixencia de tres anualidades, polo que abarca o período 2023-2025, desde o 1 de xaneiro do ano 2023 hasta o 31 de decembro do 2025, sendo prorrogada a súa vixencia por unha anualidade, por acordo do Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o martes 30 de decembro de 2025 e publicado no BOP de data 21 de xaneiro de 2026.

Dentro do Plan Estratéxico Municipal recóllense diferentes obxectivos, tanto prioritarios como estratéxicos, sendo estes últimos aqueles que proporcionan o marco para establecer a planificación a medio prazo da actividade de fomento do concello. Estes obxectivos estratéxicos desagreganse noutros obxectivos específicos.

Entre os diferentes obxectivos estratéxicos deste plan está a Cultura e a Actividade Social, que se desagregarían entre outros, nos obxectivos específicos como é o de fortalecer e fomentar o movemento e o tecido asociativo local nos diferentes ámbitos.

Ao amparo deste Plan Estratéxico de Subvencións Municipal e seguindo as directrices do mesmo, realízase a presente convocatoria.

As presentes bases teñen por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás Asociacións de Veciños constituídas como tales, e con ámbito de actuación no Concello de Arteixo, co fin de colaborar co tecido asociativo municipal para o fomento de participación da cidadanía, o desenvolvemento de actividades de ocio e programas de participación e dinamización de interese xeral que contribúan inequivocamente á mellora da calidade de vida e ao benestar da veciñanza de Arteixo, en concordancia co obxectivo estratéxico 6, Protección cidadá e do entorno, do Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Arteixo.

Para os efectos destas bases, subvencionaranse os gastos necesarios para desenvolvemento de actividades de interese xeral, que se encadren dentro dalgún das seguintes liñas de actividades:

Liña 1.- Programas e actividades que favorezan a participación entre a veciñanza: actividades de animación destinadas ao fomento da convivencia, interrelación das persoas e integración na vida da comunidade e promoción e fomento do asociacionismo: xornada dun día de xantar da veciñanza das diferentes parroquias de Arteixo e dos asociados da entidade organizadora, que non sexan obxecto doutras axudas municipais específicas e que favorezan a relación, colaboración e integración entre a veciñanza.

No marco desta liña, cada entidade solicitante poderá presentar e obter

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.artexio.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

subvención unicamente para unha soa actividade.

Liña 2.- Financiamento de actividades de formación ou saídas do entorno municipal, dirixidas á promoción da participación social, a convivencia e o fortalecemento dos vínculos entre a veciñanza.

En concreto, serán subvencionables iniciativas que inclúan a organización e desenvolvemento de actividades formativas, cursos, obradoiros, xornadas ou excursións de carácter sociocultural, educativo ou recreativo, sempre que estean orientadas a fomentar a implicación activa da cidadanía na vida comunitaria.

Estas actuacións deberán favorecer a creación de espazos de encontro, intercambio de coñecementos e experiencias, así como contribuír á cohesión social, á integración e á dinamización da vida local, promovendo valores de colaboración, solidariedade e participación entre as persoas veciñas.

No marco desta liña, cada entidade solicitante poderá presentar e obter subvención unicamente para unha soa actividade.

Os obxectivos que se pretenden acadar coa convocatoria é o fomento do asociacionismo e da participación cidadá, en particular:

- Potenciar a xeración e continuidade de grupos e programas de actuación estables, sen prexuízo da diversidade de actividades programadas.
- Fomentar proxectos de actividades, servizos e programas formativos nas propias sedes das asociacións.
- Potenciar a dinamización social e as relacións da cidadanía a través de actividades de ocio e tempo libre.
- Programas de sensibilización e ampliación dos recursos propios a través de captación de novos asociados, doazóns e colaboracións.

En cada unha das liñas, cada parroquia e entidade non poderá ser beneficiaria de máis dunha actividade por liña, excepto a agrupación de asociacións que poderán realizar a maiores unha solicitude de forma individual para a súa parroquia de referencia.

Terán preferencia na valoración e o financiamento as actividades da Liña 1, o que supón que, as actividades da Liña 2 se someterán a valoración e financiamento, no caso que exista sobranse de crédito, unha vez realizada a valoración e financiamento da Liña 1.

No caso de presentar solicitude para máis dunha liña, a entidade solicitante deberá presentar con cada solicitude todos os anexos e documentos relacionados nas bases para cada unha delas, de forma independente.

A convocatoria anual establecerá o período de execución dos programas, proxectos e actividades que comprenden estas bases.

Exclusións:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteiro.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

Quedan excluídas da presente convocatoria e non serán obxecto das subvencións as seguintes actividades ou investimentos:

- As actividades de carácter confesional ou festas patronais.
 - As actividades subvencionadas ou que poidan ser financiados a través doutras convocatorias, convenios ou plans do Concello de Arteixo (concellería de cultura, festas, deportes,...)
- Proxectos/programas ou actividades que non se adecúen ao obxecto destas bases, nin ao obxecto social das entidades beneficiarias.
- Actividades que non teñan vinculación, proxección ou impacto directo sobre a poboación de Arteixo, nin aquelas que se realicen fóra do termo municipal.
- Proxectos/programas que correspondan a servizos que se presten ou se vaian a prestar as Administración Públicas.

ARTIGO 2.- CRÉDITO ORZAMENTARIO

As axudas que se concedan ao abeiro destas bases faranse con cargo ao orzamento da Concellaría de Participación Cidadá, na aplicación orzamentaria e importe que se estableza na convocatoria anual das mesmas.

En calquera caso a concesión de subvencións quedará condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente na partida orzamentaria de referencia, no momento en que se dite resolución da concesión.

ARTIGO 3.- GASTOS SUBVENCIONABLES

3.1.- Con carácter xeral, considéranse gastos subvencionables, os que cumbran os seguintes requisitos:

- a) Desde o punto de vista cualitativo, aqueles gastos que de maneira indubidable respondan á natureza e obxecto da actividade subvencionada e sexan estritamente necesarios.
- b) Desde o punto de vista cuantitativo, aqueles gastos nos que o coste de adquisición non supere o valor de mercado.
- c) Desde o punto de vista temporal, os gastos realizaranse no prazo que se determine na convocatoria anual, considerándose gasto realizado aquel que fose efectivamente pagado con anterioridade á finalización do prazo de xustificación establecido na correspondente convocatoria.

3.2.- Considéranse gastos subvencionables a través da liña 1, aqueles que sexan imprescindibles para o desenvolvemento de programas/actividades desta liña, tales como:

- Honorarios de proxectos técnicos e certificacións preceptivas.
- Gastos de organización de actividades e seguros de responsabilidade civil do evento.



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

- Publicidade, cartelería e folletos
- Aluguer de carpas.
- Grupos electróxeos.
- Instalacións eléctricas.
- Valados
- Mesas, cadeiras.
- Animación infantil, inchables
- Baños portátiles.
- Música e animación

3.3.- Considéranse gastos subvencionables a través da liña 2, aqueles vinculados con proxectos/activades desta liña, tales como:

- Honorarios de obradoiros
- Cursos
- Gastos de transporte
- Entradas a museos,...
- Campañas de divulgación e sensibilización

3.4.- Gastos excluídos:

- Gastos de financeiros.
- Intereses debedores de contas bancarias.
- Comisións bancarias.
- Intereses, recargos e sancións administrativas e penais.
- Gastos de procedementos xudiciais.
- Gastos de funcionamento da entidade beneficiaria coma: gastos de asesoría, gastos de teléfono etc.
- Gastos de premios ou obsequios.
- Gastos de merchadising.
- Gastos de adquisición de bens de equipamento, mobles ou inmoables.
- Gastos de atencións protocolarias, manutención, aloxamento, así como as de bebidas alcohólicas.
- Gastos de licencias e taxas e permisos.
- Gastos do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) u outros impostos indirectos, excepto cando ditos impostos sexan real e definitivamente soportados pola entidade, sen que exista posibilidade de recuperación ou compensación.

ARTIGO 4.- FINANCIACIÓN DAS SUBVENCÍONS.

4.1.- O importe das subvencións en ningún caso poderán ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas, ou de outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o coste da actividade a desenvolver pola entidade beneficiaria.

4.2.- En todo caso, para asegurar a cofinanciación do proxecto/actividade, as subvencións concedidas non poderán exceder do 80% do custo do

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

proxecto/actividade, debendo financiarse o resto con aportacións da entidade, tendo en conta que a xustificación da subvención deberá realizarse pola totalidade do gasto que supón o proxecto/actividade.

4.3.- Cando un mesmo proxecto/actividade sexa subvencionado por distintas entidades públicas e o importe das subvencións recibidas supere o custo do proxecto/actividade, a entidade beneficiaria deberá reintegrar o exceso.

ARTIGO 5.- ENTIDADES BENEFICIARIAS

Poderán acceder ás subvencións as asociacións veciñais legalmente constituídas pertencentes ás distintas parroquias do termo municipal, establecéndose como criterio xeral a limitación dunha única entidade beneficiaria por cada parroquia. En calquera caso deberá nomearse un representante das asociacións reunidas en agrupación para a solicitude de subvención.

Non obstante, e con carácter excepcional, nas parroquias de Loureda, Arteixo, Morás e Meicende, debido á súa singular configuración territorial e social, caracterizada pola existencia de diversos núcleos de poboación ou lugares diferenciados con identidade propia e tecido asociativo independente, poderán resultar beneficiarias máis dunha entidade. Para estes efectos, as entidades solicitantes deberán acreditar que desenvolven a súa actividade de maneira efectiva en ámbitos territoriais claramente diferenciados dentro da mesma parroquia, así como a representatividade real respecto da veciñanza do lugar ao que se dirixen.

Esta excepción xustifícase na necesidade de garantir unha adecuada cobertura da participación veciñal e de atender á realidade organizativa destas parroquias, nas que existen asociacións que canalizan os intereses de distintas comunidades locais.

No resto das parroquias, no suposto de concorrencia de varias solicitudes, seleccionárase unha única entidade beneficiaria conforme aos seguintes criterios de valoración e desempate:

- a) Maior número de persoas destinatarias previstas e grao de participación veciñal.
- b) Viabilidade técnica, organizativa e económica da actividade proposta.
- c) Traxectoria e experiencia acreditada da entidade na realización de actividades similares.

En caso de empate na valoración, terase en conta, por esta orde:

1º A entidade con maior experiencia na organización da actividade subvencionada na liña 1.

2º A maior implantación territorial e social da entidade na parroquia.

3º A data de rexistro da solicitude, tendo preferencia a presentada con

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

anterioridade.

En todo caso, a resolución garantírase conforme aos principios de concorrencia competitiva, obxectividade, igualdade e non discriminación.

Todas as entidades solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

1. Estar legalmente constituídas como tales e estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Arteixo, no momento de realizar a solicitude. Do mesmo xeito, os datos obrantes neste Rexistro Municipal deberán estar actualizados.
2. Carecer de fins de lucro, sendo o seu obxecto social coincidente coa finalidade da subvención. Así mesmo, deberá dispor unha estrutura e capacidade suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos da subvención.
 3. Desenvolver as súas actividades no ámbito territorial co Concello de Arteixo e sobre temas de interese para o Concello. O domicilio social da entidade deberá estar no termo municipal de Arteixo, segundo o que figure nos estatutos da mesma.
 4. Non ter pendente de xustificación ningunha subvención ou axuda perante o Concello de Arteixo para o mesmo obxecto para o que se solicita a nova subvención.
 5. Non incorrer as persoas xurídicas ou as persoas que ostenten a representación legal das mesmas, en algún dos supostos de prohibición para obter a condición de beneficiario de subvencións por incapacidade ou incompatibilidade, establecidas no art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
 6. Estar ao corrente das súas obrigas coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello de Arteixo, facultando ao Concello de Arteixo para a súa comprobación.
 7. Ter un número mínimo de 50 persoas asociadas. A acreditación realizarse mediante declaración responsable, e poderá ser obxecto de comprobación posterior.

ARTIGO 6.- OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS

Con independencia das obrigas xerais establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Ordenanza Municipal de subvencións do Concello de Arteixo, serán obrigas das entidades beneficiarias das subvencións reguladas por estas Bases, as seguintes:

- a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións, na forma, condicións e prazo establecidos.
- b) Xustificar ante o órgano concedente, no prazo e forma establecidos, o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da subvención, asumindo ao seu exclusivo cargo a responsabilidade das actividades realizadas e as obrigas derivadas das mesmas.
- c) Someterse as actuacións de comprobación, seguimento e inspección a efectuar polo órgano concedente e as de control financeiro que poidan realizar

os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, aportando tanta documentación lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

- d) Comunicar ao órgano concedente, a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas para a mesma finalidade, así como as alteracións das condicións das mesmas. Esta comunicación deberá realizarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- e) Estar ao corrente, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión, no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social, nos termos fixados no RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- f) Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable a entidade beneficiaria en cada caso, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control tanto os relativos ao gasto como ao pago.
- h) Dar a adecuada publicidade de carácter público da financiación dos programas/proxectos, actividades ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto da subvención. A estes efectos, nas actividades de difusión, información, publicacións, placas, materiais impresos ou electrónicos, deberán facer constar, que os mesmos foron financiados polo Concello de Arteixo.
- i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos cando concorran as causas de reintegro a que se fai referencia na Lei Xeral de Subvencións e estas Bases.
- j) Dispor dunha póliza de responsabilidade civil que cubra os riscos e danos que poidan sufrir calquera persoa en si mesma ou nos seus bens, e que se deriven da execución e desenvolvemento dos programas/actividades obxecto destas bases.
- k) No caso de que, no marco do programa/actividade obxecto de subvención, participe persoal (incluído voluntario) que desenvolva profesións, oficios ou actividades que impliquen contacto habitual con menores, deberán garantir que dito persoal non foi condenado por sentenza firme por calquera delito contra a liberdade e indemnidade sexuais tipificados no título VIII da Lei Orgánica 10/1995, de 23 de novembro, do Código Penal, así como por calquera delito de trata de seres humanos tipificado no título VII bis do Código Penal.

ARTIGO 7.- CRITERIOS OBXECTIVOS DE OUTORGAMENTO DA SUBVENCIÓN, PONDERACIÓN DOS MESMOS E FORMA DE DETERMINAR A CONTÍA INDIVIDUALIZADA DA SUBVENCIÓN.

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, de conformidade cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación

O Concello de Arteixo distribuirá as subvencións entre os proxectos/actividades que respondan á tipoloxía e contido sinalados no art. 1, executados por

entidades que cumplan os requisitos esixidos no art. 5.

A concesión das axudas realizarase atendendo á valoración das solicitudes presentadas conforme aos criterios establecidos nas presentes bases e, unha vez determinada a prelación entre as solicitudes admitidas, a contía individual de subvención asignarase en función do número de persoas participantes na actividade de xuntanzas veciñais para a que se solicita a axuda.

Criterios de concesión das subvencións

Para estes efectos, establécense os seguintes importes máximos da concesión, atendendo ao número de participantes, na actividade da liña 1:

- * Actividades de 50 ata 300 participantes: ata un máximo de 4.000 €.
- * Actividades de 301-600 participantes: ata un máximo de 8000 €.
- * Actividades de 601 a 999 participantes: ata un máximo de 14.000 €.
- * Actividades con máis de 1.000 participantes: ata un máximo de 20.000 €.

Os importes anteriormente sinalados terán, en todo caso, carácter de límite máximo, quedando condicionados á dispoñibilidade orzamentaria existente na convocatoria anual.

En ningún caso a subvención concedida poderá superar o 80 % do custo total dos gastos da actividade presentada, debendo ser financiado o importe restante con fondos propios da entidade beneficiaria ou mediante outras achegas compatibles.

No suposto de que o importe global das solicitudes que cumplan os requisitos supere o crédito dispoñible, procederase ao rateo proporcional entre as entidades beneficiarias, respectando en todo caso a orde de prelación resultante da valoración efectuada e os límites máximos establecidos nestas bases.

A acreditación do número de participantes deberá realizarse mediante documentación xustificativa suficiente, que poderá consistir en relación de asistentes, inscricións formalizadas ou calquera outro medio de proba admitido en dereito que permita verificar a participación real na actividade subvencionada.

Non serán obxecto de subvención, e por tanto, quedarán excluídos da convocatoria aquelas xuntanzas veciñais con menos de 50 participantes.

As asociacións que soliciten unha cantidade cuxa cantidade obtida fose menor que o importe máximo concedido, concederáselles o importe solicitado e o sobranse reservarase para a liña 2.

Poderán acceder ás subvencións as asociacións veciñais legalmente constituídas pertencentes ás distintas parroquias do termo municipal, establecéndose como criterio xeral a limitación dunha única entidade beneficiaria por cada parroquia.

Non obstante, e con carácter excepcional, nas parroquias de Loureda, Morás, Arteixo e Meicende, debido á súa singular configuración territorial e social, caracterizada pola existencia de diversos núcleos de poboación ou lugares diferenciados con identidade propia e tecido asociativo independente, poderán resultar beneficiarias máis dunha entidade. Para estes efectos, as entidades solicitantes deberán acreditar que desenvolven a súa actividade de maneira efectiva en ámbitos territoriais claramente diferenciados dentro da mesma parroquia, así como a representatividade real respecto da veciñanza do lugar ao que se dirixen.

Esta excepción xustifícase na necesidade de garantir unha adecuada cobertura da participación veciñal e de atender á realidade organizativa destas parroquias, nas que existen asociacións que canalizan os intereses de distintas comunidades locais.

No resto das parroquias, no suposto de concorrencia de varias solicitudes, seleccionárase unha única entidade beneficiaria conforme aos seguintes criterios de valoración e desempate:

- a) Maior número de persoas destinatarias previstas e grao de participación veciñal.
- b) Viabilidade técnica, organizativa e económica da actividade proposta.
- c) Traxectoria e experiencia acreditada da entidade na realización de actividades similares.

En caso de empate na valoración, terase en conta, por esta orde:

1º A entidade con maior experiencia na organización da actividade subvencionada na liña 1.

2º A maior implantación territorial e social da entidade na parroquia.

3º A data de rexistro da solicitude, tendo preferencia a presentada con anterioridade.

En todo caso, a resolución garantirase conforme aos principios de concorrencia competitiva, obxectividade, igualdade e non discriminación.

CAPÍTULO II.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN.

ARTIGO 8.- TIPO DE PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN.

8.1.- O procedemento de concesión para as subvencións reguladas por estas Bases será o de concorrencia competitiva nos termos expresados no art. 22.1 da Lei Xeral de Subvencións.

A estes efectos, terá a consideración de concorrencia competitiva o procedemento mediante o cal a concesión das subvencións se realiza mediante a comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria, e adxudicar, co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtiveran maior valoración en aplicación dos citados criterios.

8.2.- A proposta de concesión formularase ao órgano concedente pola Comisión Avaliadora designada pola Alcaldía, da que formarán parte:

- Dous técnicos do Concello, actuando un deles como Secretario/a.
- O Concelleiro/a responsable da área ou persoa en que delegue, que actuará como Presidente.

O/a concelleiro/a delegado/a da Área, resolverá o nomeamento dos titulares e suplentes da referida Comisión. A Comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de expertos sobre materias concretas se o considera conveniente.

Nunha fase de preavaliación verificarase o cumprimento das condicións impostas para acadar a condición de entidades beneficiarias das subvencións.

Primeira Fase.- Iniciación

ARTIGO 9.- PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA.

9.1.- Aos efectos previstos no art. 45.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a publicación da convocatoria realizarase na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no taboleiro de anuncios do Concello de Arteixo e na sede electrónica do Concello, publicándose un extracto da mesma no BOP A Coruña.

Os restantes anuncios previstos nestas Bases e na respectiva convocatoria publicaranse no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Arteixo.

9.2.- En todo caso, o Concello de Arteixo, difundirá as Bases, así como as demais publicacións a que se fai referencia nas mesmas, polo medios que considere oportunos.

ARTIGO 10.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLOS/AS SOLICITANTES.

10.1.- As entidades interesadas en acceder ás subvencións reguladas por estas Bases, deberán presentar, no prazo que se fixe na convocatoria, unha solicitude acompañada da documentación que se indique na mesma.

10.2.- Non obstante, o solicitante poderá acollerse ao establecido no art. 53 da LPACAP en relación co dereito a non presentar documentos que xa obren en poder do Concello, sempre que se faga constar a data e o órgano ou dependencia na que foron presentados ou, no seu caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirir a que se refire o documento, con anterioridade a formulación da proposta de resolución.

10.3.- A presentación da solicitude de subvención significará a autorización do solicitante para que o órgano competente obteña de forma directa a acreditación do cumprimento da obrigas tributarias e coa Seguridade Social a través de certificacións telemáticas, non aportando o solicitante as correspondentes certificacións. Non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo aportar neste caso as certificacións nos termos establecidos no RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Subvencións.

ARTIGO 11.- LUGAR DE PRESENTACIÓN.

A documentación parara participar na convocatoria poderá presentarse por calquera medio admitido en dereito, de conformidade co establecido na LPACAP.

ARTIGO 12.- SUBSANACIÓN DE ERROS.

12.1.- Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na convocatoria, o órgano competente requirirá ao interesado para que a subsane no prazo máximo e improrrogable de 10 días hábiles, indicándolle que se non o fixese terase por desistido da súa solicitude, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no art. 68 da LPACAP.

12.2.- Sen prexuízo do anterior, en calquera momento ao longo do procedemento poderá instarse á entidade ou organización solicitante que cumprimente calquera outro requisito ou trámite omitido, de acordo co previsto no art. 73 da LPACAP, concedendo a tal efecto un prazo de 10 días hábiles a partir da notificación, con expreso apercibimento de que, de non facelo así, poderá declararse decaída no dereito a tramitación da solicitude. Sen embargo, admitirase a actuación da interesada e producirá efectos legais, se esta se realizara antes ou dentro do día en que se notifique a resolución na que se teña por transcorrido o prazo.

Segunda Fase.- Instrución

ARTIGO 13.- EXAME E AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES.

13.1.- A instrución do procedemento de concesión de subvencións corresponde a

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

Concellaría que ostente a delegación de competencias da Alcaldía en materia de Participación Cidadá.

13.2.- O órgano competente para a instrución realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a propostas de resolución.

13.3.- A aportación de datos por parte dos solicitantes que non se axusten á realidade suporán a exclusión automática, reservándose o Concello o dereito de emprender as accións legais correspondentes para esixir as responsabilidades a que dese lugar.

13.4.- As actividades de instrución comprenderán:

- Petición de cantos informes estime necesarios para resolver. Na petición farase constar, no seu caso, o carácter determinante de aqueles informes que sexan preceptivos. O prazo para a súa emisión será de 10 días hábiles, salvo que o órgano instrutor, atendendo ás características do informe solicitado ou do propio procedemento, solicite a súa emisión nun prazo menor ou maior, sen que neste último caso poida exceder de dous meses.

Cando no prazo sinalado non se emitise o informe cualificado por disposición legal expresa como preceptivo e determinante, ou, no seu caso, vinculante, poderá interromperse o cómputo dos prazos dos trámites sucesivos.

- Avaliación das solicitudes ou peticións, efectuado conforme cos criterios, formas e prioridades de valoración establecidos nestas bases.

- Se a Comisión de Valoración considera que algún dos datos ou documentos achegados polos solicitantes, presenta dúbidas ou erros susceptibles de emendar, requirirase á entidade solicitante para que nun prazo máximo e improrrogable de 10 días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto no artigo 68 da LPAC, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Arteixo.

Remítanse aos/as interesados/as os avisos de posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos terán unicamente carácter informativo, en ningún caso, efecto de notificación practicada.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Se non se procedese a

súa lectura no prazo de 10 días naturais, considerárase rexeitadas de forma automática, sen que se poida acceder ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

13.5.- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, o órgano Colexiado remitirá a acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instrutor formulará proposta de resolución á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluírá unha relación na que se indicarán todos/as as solicitudes que participan na convocatoria co NIF, nome da entidade, puntuación obtida, estimación ou desestimación da súa solicitude, e o importe da subvención que se lle outorga; farase constar, así mesmo, que da información que obra en poder do órgano instrutor, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

ARTIGO 14.- TRÁMITE DE AUDIENCIA.

O órgano instrutor, a vista do expediente e do informe do órgano Colexiado, formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada, que se publicará no Taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello, concedéndose un prazo de 10 días hábiles para presentar alegacións.

ARTIGO 15.- REFORMULACIÓN DE SOLICITUDES.

15.1.- Cando na proposta de resolución provisional figure un importe de subvención inferior á solicitude presentada, a entidade beneficiaria poderá reformular a súa solicitude para axustar os compromisos e condicións a proposta de resolución.

15.2.- A entidade beneficiaria poderá instar a reformulación da solicitude no prazo de 10 días hábiles a contar desde a publicación da proposta de resolución provisional.

15.3.- No caso de que non sexa instada a reformulación da solicitude dentro do prazo establecido no apartado anterior, manterase o contido da solicitude inicial.

15.4.- Unha vez que dita solicitude de reformulación conta coa conformidade do órgano Colexiado, remitírase todo ao órgano competente para que dite a resolución.

15.5.- En calquera caso, a reformulación deberá respectar o obxecto, condicións e finalidade da subvención, así como os criterios de valoración establecidos respecto das solicitudes ou peticións.

Terceira Fase.- Resolución

ARTIGO 16.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA.

16.1.- Examinadas as alegacións aducidas no seu caso polos interesados, formularase a proposta de resolución definitiva, que deberá expresar o solicitante ou a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, e a súa contía, especificando a súa avaliación e os criterios de valoración seguidos para efectuala.

O expediente de concesión de subvención conterá o informe do órgano instructor no que conste que da información que obra no seu poder se desprende que as entidades beneficiarias reúnen todos os requisitos para acceder as mesmas.

16.2.- As propostas de resolución provisional e definitiva non crean dereito algún a favor das entidades beneficiarias propostas, fronte ao Concello de Arteixo, mentres non se notifique a resolución de concesión.

ARTIGO 17.- RESOLUCIÓN

17.1.- Unha vez aprobada a proposta de resolución definitiva, e de acordo co previsto no art. 88 da LPACAP e, no seu caso, na correspondente convocatoria, o órgano competente resolverá o procedemento.

17.2.- A resolución, ademais de conter o solicitante ou relación de solicitantes ao que se concede a subvención, fará constar, no seu caso, de maneira expresa, a desestimación do resto de solicitudes, así como a non concesión por desestimento, renuncia ao dereito ou imposibilidade material sobrevida.

No caso de subvencións concedidas indicárase a contía correspondente a cada un dos programas/actividades subvencionadas, así como a referencia aos criterios de valoración tomados en consideración para determinar dita contía.

No caso de subvencións desestimadas, indicárase o precepto das bases no que se fundamenta a desestimación.

17.3.- Na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os programas/actividades aos que se refire a subvención ou subvencións concedidas, onde figuraran os compromisos asumidos polas entidades beneficiarias, así como os documentos onde se formularon as modificacións dos mesmos, no seu caso.

17.4.- O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de seis meses. O prazo computarase a partir da publicación da correspondente convocatoria, salvo que a mesma pospoña os seus efectos a unha data posterior.

17.5.- O vencemento do prazo máximo sen haber notificado a resolución, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención.

17.6.- A resolución do procedemento notificarase ao interesado e porá fin a vía administrativa.

CAPÍTULO III.- XESTIÓN E FISCALIZACIÓN DAS SUBVENCIONS.

ARTIGO 18.- SUBCONTRATACIÓN DAS ACTIVIDADES SUBVENCIONADAS POLAS ENTIDADES BENEFICIARIAS.

Queda excluída, con carácter xeral, a posibilidade de subcontratación da actividade que constitúe o obxecto da subvención, salvo casos excepcionais, cando así se estableza na correspondente convocatoria, previa valoración e motivación das circunstancias que o aconsellan.

ARTIGO 19.- VARIACIÓNS NAS SUBVENCIONS.

19.1.- Toda alteración nas condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras Administración ou Entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, dará lugar á modificación da resolución de concesión.

19.2.- As entidades subvencionadas poderán solicitar, con carácter excepcional, a modificación do contido do programa/actividade subvencionada, así como da forma e prazos de execución e xustificación dos correspondentes gastos, cando aparezan circunstancias que alteren ou dificulten o desenvolvemento do programa/actividade.

As solicitudes de modificación deberán estar suficientemente motivadas e deberán formularse con carácter inmediato á aparición das circunstancias que as xustifiquen e, en todo caso, con anterioridade ao momento en que finalice o prazo de execución do programa/actividades subvencionada.

19.3.- A contía da subvención deberá ser obxecto de redución cando, debido á acumulación de subvencións ou axudas recibidas para o mesmo fin, o conxunto destas supere o custo total da actividade subvencionada.

ARTIGO 20.- XUSTIFICACIÓN.

20.1.- A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención realizaranse nos termos previstos no art. 30 da Lei Xeral de Subvencións, no seu Regulamento, na Ordenanza Xeral de Subvencións, salvo a regulación específica recollida nestas bases.

20.2.- A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio da entidade beneficiaria no que se deben incluír, baixo a responsabilidade do

declarante, os seguintes documentos:

- Certificación do representante legal da entidade na que conste a realización dos programas/actividades, así como o importe dos fondos que cofinancian o proxecto/actividade. Esta certificación que se axustarase ao modelo do anexo IV, incluírá a memoria de actuación, xustificativa da aplicación das subvencións concedidas e explicativa da realización de cada programa/actividade, e dos resultados obtidos no programa/actividade.

- Denominación da actividade

- Datas e lugar de celebración
- Número de participantes ou colectivo destinatarios
- Recursos empregados (materiais e humanos)

- Material publicitario empregado para a súa difusión (carteis, anuncios en prensa...)

- Memoria xustificativa do gasto mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa, e documentos acreditativos de realizar o pago, de acordo co modelo que figura como anexo V. A acreditación do gasto tamén poderá realizarse mediante facturas electrónicas, sempre que cumpran os requisitos esixidos para a súa aceptación no ámbito tributario.

- Os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base impositiva, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.
- En ningún caso, se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- Se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo proveedor.
- No caso das facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, debe estar garantida por algunha das modalidades de identificación admitidas legalmente (sinatura electrónica, código de verificación...).

- De conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria.
- As facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención.
- Cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación.

- Conta xustificativa co balance de ingresos e gastos realizados da actividade realizada de forma que se poida comprobar que se axustou ao orzamento inicial presentado, ou reformulado no seu caso. Este balance incluírá o importe das desviacións orzamentarias e das subvencións e demais ingresos xerados.

- Material impreso ou fotográfico dos elementos de difusión (carteis, folletos, enquisas, material didáctico, fotografías e outros documentos da actividade subvencionada) onde apareza o logotipo do Concello de Arteixo nos termos e cos requisitos previstos nas presentes bases Artigo 6) e capturas de pantalla das páxinas web e perfís de redes sociais coa mesma finalidade.

20.3.- Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse a mesma ante o órgano administrativo competente, requirirase á entidade beneficiaria para que no prazo improrrogable de 15 días hábiles sexa presentada.

Cando o órgano administrativo competente para a comprobación da subvención aprecie a existencia de omisións e/ou defectos subsanables na xustificación presentada pola entidade beneficiaria, poñerá no seu coñecemento, concedéndolle un prazo de 10 días hábiles para a súa corrección.

Se, transcorridos os prazos a que fai referencia este apartado, sen presentar a xustificación ou subsanar as omisións e/ou defectos da xustificación presentada, iniciárase o procedemento para o reintegro da subvención, con independencia da aplicación do réxime de sancións previsto na ordenanza municipal, se procedese.

ARTIGO 21.- ABONO.

21.1.- O pago da subvención realizarase previa xustificación pola entidade beneficiaria segundo o art. 20 destas bases.

21.2.- Non poderá realizarse o pago da subvención en tanto non resulten acreditados os seguintes extremos:

- Que a entidade beneficiaria se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social,
- Que non ten pendente de xustificar ningunha subvención municipal concedida con anterioridade, salvo que o prazo de xustificación non vencese,
- Que non sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

ARTIGO 22.- REINTEGRO.

22.1.- O réxime xurídico do reintegro das subvencións será o previsto no Título II da Lei Xeral de Subvencións.

22.2.- En todo caso, cando o cumprimento da entidade beneficiaria se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e se acredite por esta una actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, a cantidade a reintegrar virá determinada pola aplicación dos seguintes criterios:

a) Cando algún dos programas/proxectos ou actividades non cumpran coa obriga establecida no art. a), procederá o reintegro total da subvención destinada a este proxecto/programa ou actividade.

b) Cando se produza un incumprimento que afecte a natureza da actividade ou proxecto, de tal modo que afecta aos elementos que foron considerados para valorar a solicitude da entidade beneficiaria e outorgar a puntuación que deu lugar a subvención concedida, será esixible o reintegro total da subvención concedida.

c) En caso de incumprimento parcial do obxectivo da actividade ou proxecto, ou a non adopción do comportamento que fundamenta a concesión, cando sen alterar a natureza da actividade ou do proxecto, se cumprisen os obxectivos fundamentais do mesmo e os incumprimentos afecten a aspectos secundarios ou accesorios, será esixible o reintegro dunha cantidade que oscilará entre un 25% e un 5% da subvención concedida en atención a valoración técnica realizada sobre o maior ou menor incumprimento.

d) En caso de que, aínda producíndose o cumprimento o obxectivo, da actividade ou proxecto, se produza unha desviación na execución orzamentaria inicialmente prevista, en cada caso, aplicaranse as seguintes regras:

I.- Se a desviación sobre o orzamento e inferior ao 10% e está debidamente motivada non será esixible o reintegro sempre e cando se manteña a porcentaxe de cofinanciación mínima recollida nestas bases.

II.- Se a desviación sobre o orzamento é igual ou superior ao 10% ou non está debidamente motivada será esixible o reintegro dunha cantidade que resulta da seguinte operación:

$$\text{ImpR} = \text{ImpSubv} - \text{Impsubv} \times (\text{ImpJust}/\text{ImpExi})$$

Onde:

ImpR = Importe a que ascenderá o reintegro parcial.

ImpSubv = Importe da subvención municipal.

ImpJust = Importe do orzamento executado. ImpExi

= Importe do orzamento inicial do proxecto.

III.- Poderán aceptarse desviacións que afecten ás diversas partidas que compoñen o orzamento do proxecto ou actividade, sen fixar límites porcentuais, pero esixíndose unha motivación específica a partir do 10% de desviación. Cando a desviación parcial non resulte compensada por outras partidas do orzamento e afecte a cantidade que corresponda xustificar, aplicaranse as regras dos apartados anteriores.

e) No caso de que se produza o incumprimento parcial a que fai referencia o apartado c) deste artigo e adicionalmente a xustificación resulte insuficiente e supere a porcentaxe en que se valorase o incumprimento parcial, procederá o reintegro parcial da cantidade a que ascenda esta última porcentaxe.

f) No caso de incumprimento da obriga establecida no artigo 6.h), sen prexuízo da aplicación das sancións a que dese lugar, producirase o reintegro do 20% do total da subvención concedida. Non obstante, deberán aplicarse as seguintes regras:

I.- Se resultara aínda posible o seu cumprimento, a entidade beneficiaria adoptará as medidas de difusión establecidas nun prazo non superior a 15 días hábiles, con expresa advertencia das consecuencias que de dito incumprimento puideran derivarse en canto o reintegro da subvención. Non poderá adoptarse ningunha decisión de revogación ou reintegro se que o órgano concedente cumprira este trámite.

II.- Se por xa desenvolverse as actividades afectadas por estas medidas, non resultara posible o seu cumprimento nos termos establecidos, o órgano concedente poderá establecer medidas alternativas, sempre que estas permitisen dar a difusión da financiación municipal recibida co mesmo alcance das inicialmente acordadas. No requirimento que se dirixa polo órgano concedente á entidade beneficiaria, deberá fixarse un prazo non superior a 15 días hábiles para a súa adopción, con expresa advertencia das consecuencias que dito incumprimento puideran derivarse en canto ao reintegro da subvención.

g) O incumprimento da obriga establecida no art. 6.j), dará lugar a un reintegro por importe de 1.200,00 €.

h) No caso de incumprimento da obriga establecida no art. 6.k), se transcorrido o prazo establecido no citado artigo e sendo requirida a entidade beneficiaria, esta non presentase a documentación esixida para acreditar o cumprimento da mencionada obriga, isto será causa de resolución da subvención concedida procedendo ademais o reintegro total da subvención.

A mesma consecuencia aplicarase se da documentación presentada se desprendese que algunha das persoas (incluído o persoal voluntario) que

participan no programa/proxecto ou actividade obxecto da subvención fose condenado por sentenza firme por calquera delito contra a liberdade e indemnidade sexual tipificados no título VIII da Lei Orgánica 10/1995, de 23 de novembro, do Código Penal, así como por calquera delito de trata de seres humanos tipificado no título VII bis do Código Penal.

ARTIGO 23.- INFRACCIÓN E SANCIÓN.

O réxime xurídico das infraccións e sancións derivadas do incumprimento das obrigas recoñecidas nestas Bases será o previsto no Capítulo IV da Ordenanza Xeral de Subvencións.

ARTIGO 24.- OBRIGA DE INFORMACIÓN

As entidades beneficiarias deberán facilitar toda a información e documentación que, en relación aos expediente de subvencións, lle sexa requirida polo servizo de Participación Cidadá, así como, pola Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións. Así mesmo, o servizo xestor poderá facer as indagacións pertinentes para o esclarecemento das dúbidas xurdidas en relación a calquera documento xustificativo achegado.

ARTIGO 25.- CESIÓN DE DATOS.

Os datos persoais facilitados nos formularios, son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedementos para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención polo que a súa achega é obrigatoria.

A presentación da solicitude de subvención implicará a aceptación da cesión dos datos contidos na mesma, así como dos datos relativos á subvención, no seu caso concedida, que, a efectos de estatística, avaliación e seguimento poidan realizarse a favor de outras Administracións.

O Concello de Arteixo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 - RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Arteixo no ámbito do fomento do asociacionismo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento. Os datos poderán ser cedidos tamén a

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial.

Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Arteixo).

ARTIGO 26.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Arteixo para o ano 2025 as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

ARTIGO 27.- PUBLICIDADE

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da Lei de Subvencións de Galicia, publicarase conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de "Subvención para AAVV destinadas ao fomento da Convivencia" en:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web no Concello de Arteixo (www.arteixo.org), conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 15 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Arteixo (www.arteixo.org).

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas o u proxectos subvencionados.

Arteixo, 23 de abril de 2026.

Asdo. Josefa Zas Suárez

Concelleira de Maiores, Actividades e Participación Cidadá."

** Dase conta que obra no expediente, informe xurídico emitido polo Secretario Xeral, en data 13.05.2026, con CVD [REDACTED]

Deseguido, a Alcaldía-Presidencia, da un turno de intervencións.

<<...>>

Non formulándose máis intervencións a Alcaldía-Presidencia, somete o asunto a votación.

Votación:

<<...>>

Á vista do resultado da votación, a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno, en VOTACIÓN ORDINARIA e por MAIORÍA, ditamina favorablemente propoñer ao Pleno da Corporación a adopción dos acordos transcritos na proposta que se deixa reflectida."

Deseguido, pola Alcaldía-Presidencia dase un turno de intervencións:

<<...>>

Non formulándose máis intervencións, e tras unha serie de deliberacións relativas á modificación do parágrafo 2 do artigo 5, a Alcaldía-Presidencia somete o asunto a votación coa modificación proposta, quedando redactada a parte referenciada co seguinte teor:

Non obstante, e con carácter excepcional, nas parroquias que, debido á súa singular configuración territorial e social se caractericen pola existencia de diversos núcleos de poboación ou lugares diferenciados con identidade propia e tecido asociativo independente, poderán resultar beneficiarias máis dunha entidade. <<...>>

Votación:

Votos a favor:

14 Grupo PARTIDO POPULAR

Votos en contra:

4 Grupo PARTIDO SOCIALISTA

Abstenciones:

2 Grupo BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

1 Grupo NON ADSCRITOS

Á vista do resultado da votación, o Alcalde-Presidente proclama adoptados, por MAIORÍA, os acordos transcritos no ditame que se deixa reflectido, coa corrección sinalada, quedando o parágrafo 2 do artigo 5, redactado como segue:

Non obstante, e con carácter excepcional, nas parroquias que, debido á súa singular configuración territorial e social se caractericen pola existencia de diversos núcleos de poboación ou lugares diferenciados con identidade propia e tecido asociativo independente, poderán resultar beneficiarias máis dunha entidade. <<...>>

4. APROBACIÓN DEFINITIVA SEGUNDA DO PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUCTURAS E DOTACIÓNS DE CASAS NOVAS (PEID). Dase conta ao Pleno da Corporación de que a

Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno, en sesión ordinaria celebrada o luns 25 de maio de 2026, emitiu o seguinte **DITAME**:

“6. APROBACIÓN DEFINITIVA SEGUNDA DO PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUCTURAS E DOTACIÓNS DE CASAS NOVAS (PEID).

“CONCELLARÍA EN MATERIA DE URBANISMO

Expediente Urbanismo:2024/U035/000001

Expediente Acordo: 2026/G006/000225

Ref. LACC/plb

PROPOSTA DE ACORDO

ASUNTO: APROBACIÓN DEFINITIVA SEGUNDA DO PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUCTURAS E DOTACIÓNS DE CASAS NOVAS (PEID).

Visto que, en data 19/05/2026 (CVD: [REDACTED]) emite informe xurídico a Técnico de Administración Xeral de Urbanismo, conformado polo Secretario Xeral do Concello de Arteixo en data 20/05/2026, co seguinte teor literal:

<< ANTECEDENTES:

Con fecha del 8/01/24 (202499900000136) don Jaime Francisco Carro Merchan en nombre de PONTEGADEA ESPAÑA SL con CIF B82707720 presentó documento para el inicio de la evaluación ambiental estratégica simplificada del Plan Especial de Infraestructuras y Dotaciones de Casas Novas.

Con fecha del 9/02/24 el arquitecto municipal emitió informe de viabilidad urbanística de la actuación planteada.

Se remitieron solicitudes para el inicio de la evaluación ambiental de información y sobre la suficiencia de las infraestructuras y de los servicios existentes y previstos, según el artículo 162.g) del mismo RLSG a los efectos de que se pronuncien sobre las medidas necesarias a adoptar en el proyecto, debiendo acercar cuantos datos resulten necesarios para su redacción. Consta solicitud de informe de suficiencia de las siguientes entidades suministradoras de servicios: Telefonica, Orange, R, Nedgia, Unión Fenosa Distribución, SUMARTE, Departamento de Aguas y Obras municipales.

Constan recibidos los siguientes informes en relación con la suficiencia de los servicios:

Data	Empresa	Tramite núm.
13/02/24	Telefónica de España S.A.U	10
21/02/24	Servizo lixo	7

19/02/24	Orange	11
22/02/24	R	13
14/02/24	UFD Grupo Naturgy	14
18/03/24	SUMARTE	17

En el trámite de consultas previas, período de información pública del documento ambiental estratégico y el borrador do Plan especial de Infraestructuras y Dotaciones de Casas Novas constan los siguientes informes (trámite 19):

- Dirección Xeral de Urbanismo
- Instituto dos Estudos do territorio
- Axencia Galega de Infraestructuras

Finalmente consta o informe de avaliación ambiental emitido el 24/05/24

Con fecha del 24/07/24 (202499900006505) don Jaime Francisco Carro Merchan en nombre de PONTEGADEA ESPAÑA SL con CIF B82707720 presentó ejemplar del Plan Especial de Infraestructuras y Dotaciones de Casas Novas (PEID) para a su aprobación inicial.

Con fecha del 13/09/24 el arquitecto municipal emitió informe en el que concluye que: *Trátase dun PEID non previsto nas NN.SS. Para a súa tramitación, o Plan Especial deberá conter a documentación e seguir o procedemento de elaboración e aprobación recollidos nos artigos 74, 75 e concordantes da LSG e 184, 185 e concordantes do RLSG, así como o sinalado nos informes xurídicos municipais. De acordo co sinalado neste informe, como trámite previo á aprobación inicial, sen prexuízo das consideracións sectoriais desta e doutras administracións competentes e das empresas subministradoras, infórmase favorable á integridade documental, a suficiencia da calidade técnica da ordenación proxectada e a conformidade do PEIDOT coa lexislación vixente do Plan Especial de Dotacións e Infraestructuras de casa Novas.*

Con data do 18/10/24 a Xunta de Goberno Local acordou:

PRIMEIRO. *Aprobar inicialmente o Plan Especial de Infraestructuras e Dotacións de Casas Novas (PEID) con entrada no rexistro municipal o 24/07/24 (202499900006505) asinado polo arquitecto don Pablo Márquez Martínez de San Vicente, que actúa en nome da entidade INSTRA ENXEÑEIROS, S.L., instado por iniciativa particular, a entidade PONTEGADEA ESPAÑA S.L con CIF B82707720, e que incorpora as previsións recollidas no Informe Ambiental Estratéxico emitido polo órgano ambiental, nos termos que obran no expediente.*

SEGUNDO. *Abrir un período de información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncio no Diario Oficial de Galicia e anunciarase, ademais, un dos xornais de maior difusión na provincia. Durante o devandito período quedará o expediente ao dispor de calquera que queira examinalo ou obter copias para que se presenten as alegacións que se estimen pertinentes, estando ao dispor dos interesados na sede electrónica deste Concello.*

TERCEIRO. *Acordar que non procede a suspensión do outorgamento das licenzas nas áreas afectadas pola aprobación do Plan Especial, por canto que as novas de-determinacións non supoñen a modificación da ordenación urbanística vixente.*

CUARTO. *Notificar individualmente o trámite de información pública a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados.*

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

QUINTO. Solicitar ás Administracións afectadas pola súa competencia sectorial para que emitan o correspondente informe para os efectos regulados na Lexislación sectorial. Os informes sectoriais autonómicos haberán de ser emitidos no prazo máximo de tres meses, transcorrido o cal entenderanse emitidos con carácter favorable.

Lexislación sectorial aplicable	Administración informante
Carreteras	AXI
Carreteras	Deputación de A Coruña
Aguas	Augas de Galicia
Electricidad	Consellería de Industria
Servidumbre aeronáutica	AESA

Tras haber realizado los trámites reglamentarios con fecha 5/02/25 se emitió certificado relativo a la exposición pública en el que señala que no consta alegación alguna.

Con fecha 5/06/25 el arquitecto municipal emitió informe con CVD [REDACTED] en el que recoge los informes sectoriales emitidos, y señala que *os cambios habidos respecto das aprobación inicial son de adaptación aos informes sectoriais, non supoñendo modificacións substancias tal e como as define o artigo 83.5 da LSG, e conclúe: infórmase favorable á integridade documental, a suficiencia da calidade técnica da ordenación proxectada e a conformidade do PEIDOT coa lexislación vixente do Plan Especial de Dotacións e Infraestruturas de casa Novas, documento de marzo de 2025.*

Con fecha 11/07/25 se emitió certificado con CVD [REDACTED] que expone que *pola Xunta de Goberno Local, en sesión Ordinaria celebrada o xoves 10 de xullo de 2025, adoptouse, entre outros, o seguinte ACORDO:*

PRIMEIRO. *Aprobar provisionalmente o Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións de Casas Novas (PEID), non previsto nas NN.SS; asinado polo arquitecto COAG nº 3.254, don Pablo Márquez Martínez de San Vicente en marzo de 2025 e con entrada no rexistro xeral do Concello o 12/05/25 (202599900004011).*

SEGUNDO. *Solicitar ao órgano competente en materia de urbanismo, a emisión de informe preceptivo e vinculante relativo ao control da legalidade e á tutela dos intereses supramunicipais, así como ao cumprimento das determinacións establecidas nas directrices de ordenación do territorio e dos plans territoriais e sectoriais, de conformidade co artigo 75.1.e) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, así como co artigo 186.1.e) do seu regulamento, que haberá de ser emitido no prazo de dous meses, a contar desde a entrada do expediente completo no rexistro da consellería, transcorrido o cal, sen comunicarse o informe solicitado, poderá continuarse a tramitación do plan.*

Tras los trámites preceptivos a tenor de lo acordado por la Xunta de Goberno Local y la remisión al Servizo de Urbanismo, xefatura provincial da Consellería de VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS, se remitió oficio con la solicitud de los informes sectoriales de patrimonio cultural, de telecomunicaciones.

Con fecha 13/10/25 (202590000005743) entró en el registro general del Concello de Arteixo informe favorable condicionado emitido por la Secretaría General de Telecomunicaciones, Infraestructuras Digitales e Seguridad Digital do Ministerio para la Transformación Digital y de la Función Pública.

Con fecha 12/12/25 (202590000006905) entró en el registro general del Concello de Arteixo informe de la Dirección General de Patrimonio Cultural favorable.

Con fecha 16/12/25 (202599900011746) don Jaime Francisco Carro Merchan en nombre de PONTEGADEA ESPAÑA SL con CIF B82707720 presentó ejemplar del Plan Especial de Infraestructuras y Dotaciones de Casas Novas (PEID) para a su aprobación provisional.

Con fecha 18/12/25 el arquitecto municipal emitió informe con CVD [REDACTED] favorable á integridade documental, a suficiencia da calidade técnica da ordenación proxectada e a conformidade do PEIDOT coa lexislación vixente do Plan Especial de Dotacións e Infraestruturas de casa Novas, documento de decembro de 2025 .

Con fecha 23/12/215 la Xunta de Gobierno Local adoptó el siguiente acuerdo:

PRIMEIRO.- Acordar a aprobación provisional 2 do Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións de Casas Novas (PEID), non previsto nas NN.SS; asinado polo arquitecto COAG nº 3.254, don Pablo Márquez Martínez de San Vicente e con entrada no rexistro xeral do Concello o 16/12/25 (202599900011746).

SEGUNDO. Solicitar ao órgano competente en materia de urbanismo, a emisión de informe preceptivo e vinculante relativo ao control da legalidade e á tutela dos intereses supramunicipais, así como ao cumprimento das determinacións establecidas nas directrices de ordenación do territorio e dos plans territoriais e sectoriais, de conformidade co artigo 75.1.e) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, así como co artigo 186.1.e) do seu regulamento, que deberá de ser emitido no prazo de dous meses, a contar desde a entrada do expediente completo no rexistro da consellería, transcorrido o cal, sen comunicarse o informe solicitado, poderá continuarse a tramitación do plan.

Con fecha 16/12/25 RS 202590000001382 se remitió la documentación solicitada por el Ministerio para la Transformación Digital y de la Función Pública, e con fecha 15/01/26 (202690000000228) entró por registro general la respuesta emitida del siguiente tenor literal: *una vez analizada la documentación recibida, el citado informe favorable condicionado puede pasar a considerarse como favorable en relación con la alineación del instrumento urbanístico informado respecto a la vigente legislación sectorial de telecomunicaciones.*

Con fecha 20/01/25 se remitió a la Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda solicitud de informe previo a la aprobación definitiva de instrumentos de planeamiento (MT101A) e con fecha 25/02/26 (202690000001108) entró por registro general informe previo a la aprobación definitiva -artigo 75.1 da Ley 2/2016, do 10 de febreiro, del Suelo de Galicia (LSG)-, relativo al Plan especial de infraestructuras y dotaciones de Casas Novas en sentido FAVORABLE con condiciones III. 2 a 5.

Con fecha 3/03/26 (202699900002242) don Jaime Francisco Carro Merchan en nombre de PONTEGADEA ESPAÑA SL con CIF B82707720 presentó ejemplar del Plan Especial de Infraestructuras y Dotaciones de Casas Novas (PEID) para a su aprobación definitiva.

Con data do 9/03/26 o arquitecto municipal emitiu informe con CVD [REDACTED] favorable para a aprobación definitiva, no que recolle expresamente o cumprimento dos apartados III 2 a 5 do informe previo.

Tralos trámites preceptivos o Pleno da Corporación con data do 26/03/26 acordou:

PRIMEIRO. Acordar a aprobación definitiva do Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións de Casas Novas (PEID), non previsto nas NN.SS; asinado polo arquitecto COAG nº 3.254, Pablo Márquez Martínez de San Vicente e presentado o 03/03/26 (202699900002242) por Jaime Francisco Carro Merchan, en nome de PONTEGADEA ESPAÑA SL, con CIF B82707720.

SEGUNDO. Publicar a aprobación definitiva no Diario Oficial de Galicia, para os efectos do establecido no artigo 82 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. Esta publicación deberá realizarse no prazo dun mes desde a adopción da aprobación definitiva. Igualmente, xunto á publicación deste acordó, publicarase a indicación das medidas adoptadas para o seguimento dos efectos no medio ambiente da aplicación do plan e a referencia á dirección electrónica na que figurará o contido íntegro do plan ao dispor do público.

TERCEIRO. Comunicar o acordo de aprobación definitiva, en virtude do artigo 88 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, á consellería competente en materia de Urbanismo, para a súa inscrición no Rexistro de Plan Urbanístico de Galicia, achegando un exemplar en soporte dixital, debidamente dilixenciado.

CUARTO. Notificar individualmente a aprobación definitiva do plan especial a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados ás que xa se lles notificou a aprobación inicial do mesmo, de conformidade co artigo 186.4 do Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Chan de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro. Tralos preceptivos trámites con data do 16/04/26 asinouse o oficio, e remitiuse con data do 17/04/26 coa que acompaña á solicitude de inscrición do Plan Especial no Rexistro de Planeamento, e remítense ligazóns de descarga ao documento.

Con fecha 28/04/26 (202600000004649) entrou en el registro general do Concello de Arteixo do Servizo de Urbanismo requirimento de documentación sobre o plan especial de infraestruturas e dotacións de casas novas, no Concello de Arteixo (A Coruña), remitido para los efectos de su inscripción en el registro de planeamiento urbanístico de Galicia, señala:

Examinada a documentación achegada, detéctase que no documento en formato dixital non editable PDF dilixenciado non constan os seguintes planos, que si recolle o índice xeral do PEID: 'PINFS_04_IOT_AFEC_02.2' e 'PINFS_06PROTECC'.

Con fecha 8/05/26 (202699900004874) don Jaime Francisco Carro Merchan en nome de PONTEGADEA ESPAÑA SL con CIF B82707720 presentó documentación completa do PEIDOT para a súa remisión ao Servizo de Urbanismo.

MARCO JURÍDICO:

- Artículos 73 a 76, y 82 a 90 de Ley 2/2016, de 10 de febrero, del suelo de Galicia.
- Artículos 177 a 188 del Reglamento de la Ley 2/2016, de 10 de febrero, del Suelo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, de 22 de septiembre.
- La Ley 21/2013, de 9 de diciembre, de evaluación ambiental.
- ORDEN de 10 de octubre de 2019 de aprobación de las normas técnicas de planeamiento urbanístico de Galicia, DOG. 25/11/19.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

- Artículo 21.1.j) de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, respecto a la competencia para resolver que corresponde al Alcalde, son competencias delegadas en la xunta de gobierno local por el decreto 2005/2023 del 19/06/23 que establece en la parte dispositiva tercera. b) apartado segundo que **a Xunta de goberno local terá asignadas as seguintes atribucións: (...) -A aprobación dos instrumentos de plan de desenvolvemento do plan xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.**

Son competencias atribuídas ao **pleno** as recollidas no artigo 22 da LBRL, en concreto para o asunto que nos ocupa, o apartado c) **La aprobación inicial del planeamiento general y la aprobación que ponga fin a la tramitación municipal de los planes y demás instrumentos de ordenación previstos en la legislación urbanística, así como los convenios que tengan por objeto la alteración de cualesquiera de dichos instrumentos**

CONSIDERACIÓNS LEGAIS:

En relación con el contenido material de la propuesta y el procedimiento me ratifico en lo expuesto el en informe jurídico emitido en fecha 13/03/26 con CVD [REDACTED]

Como ya se dejó expuesto en dicho informe emitido, **la eficacia del acto** de aprobación definitiva y la entrada en vigor del plan aprobado **quedan condicionadas al cumplimiento de esta publicación, a la inscripción del instrumento en el Registro de Planeamiento Urbanístico de Galicia**, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 88 de la presente ley y a lo que disponga a tal efecto la legislación vigente en materia de régimen local.

Simultáneamente deberá notificarse individualmente la aprobación definitiva del Plan Especial a todas las personas titulares catastrales de los terrenos afectados.

El Plan será inmediatamente ejecutivo tras su entrada en vigor.

Los instrumentos de planeamiento urbanístico tendrán vigencia indefinida.

Visto cuanto antecede, se considera que el expediente ha seguido la tramitación establecida en la Legislación aplicable, ha sido aprobado DEFINITIVAMENTE el documento con entrada el 3/03/26 (202699900002242) por el PLENO MUNICIPAL, y por medio de requerimiento efectuado por el Servicio de Urbanismo se detectó que el documento está incompleto tal y como queda constancia en los antecedentes descrito; por lo **que procede subsanar dicha ausencia y proceder a una nueva aprobación definitiva 3 del documento presentado 8/05/26 (202699900004874)**, que subsana y ratifica anterior aprobación definitiva pero **incorporando los documentos omitidos por error** todo ello nuevamente por el PLENO DE LA CORPORACIÓN de conformidad con los artículos 21.1 j) de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, y 75.1 a) de la Ley 2/2016, de 10 de febrero, del Suelo de Galicia y de conformidad con el artículo 75.1.e) de la Ley 2/2016, de 10 de febrero, del Suelo de Galicia, así como con el artículo 186.1.e) de su reglamento.

Asinado dixitalmente. Virginia Pérez Torres. Técnico de Administración Xeral.

Conforme en virtude do art. 3 do Real Decreto 128/2018.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

José María Vázquez Pita. Secretario Xeral do Concello de Arteixo>>

POR TODO O EXPOSTO, PROPONSE QUE, PREVIO DICTAME DA COMISIÓN DE ASUNTOS DO PLENO, SE ELEVE A SEGUINTE PROPOSTA DE ACORDO AO PLENO:

PRIMEIRO.- Emendar a ausencia da documentación, consistente en incorporar os planos, que si recolle o índice xeral do PEID: `PINFS\_04\_IOT\_AFEC\_02.2` e `PINFS\_06PROTECC`. e **proceder a aprobación definitiva segunda do documento presentado con data 8/05/26 (202699900004874)**, por Jaime Francisco Carro Merchan, en nome de PONTEGADEA ESPAÑA SL, con CIF B82707720 que emenda e ratifica a anterior aprobación definitiva.

SEGUNDO. Publicar a aprobación definitiva segunda no Diario Oficial de Galicia, para os efectos do establecido no artigo 82 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Esta publicación deberá realizarse no prazo dun mes desde a adopción da aprobación definitiva. Igualmente, xunto á publicación deste acordo, publicarase a indicación das medidas adoptadas para o seguimento dos efectos no medio ambiente da aplicación do plan e a referencia á dirección electrónica na que figurará o contido íntegro do plan ao dispor do público.

TERCEIRO. Comunicar, en cumprimento do requirimento efectuado, o acordo de aprobación definitiva que antecede, en virtude do artigo 88 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, **á Consellería competente en materia de Urbanismo, para a súa inscrición no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia**, achegando un exemplar en soporte dixital, debidamente dilixenciado.

CUARTO. Notificar individualmente a aprobación definitiva segunda do plan especial a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados ás que xa se lles notificou a aprobación inicial do mesmo, de conformidade co artigo 186.4 do Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro.

Con todo, a Corporación acordará o que estime pertinente.

Asina dixitalmente o concelleiro delegado de Urbanismo. Luis Alberto Castro Calvete (P. Delegación Decreto 1234/2025 de 8 de maio de 2025)."

** Dase conta que obra no expediente informe emitido pola Técnica de Administración Xeral, Dña. Virginia Pérez Torres, en data 19.05.2026, conformado polo Secretario Xeral, D. José María Vázquez Pita, en data 20.05.2026, con CVD [REDACTED].

Deseguido, a Alcaldía-Presidentencia, da un turno de intervencións.

<<...>>

Non formulándose máis intervencións a Alcaldía-Presidentencia, somete o asunto a votación.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

Votación:

<<...>>

Á vista do resultado da votación, a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno, en VOTACIÓN ORDINARIA e por MAIORÍA, ditamina favorablemente propoñer ao Pleno da Corporación a adopción dos acordos transcritos na proposta que se deixa reflectida.”

Deseguido, pola Alcaldía-Presidencia dase un turno de intervencións:

<<...>>

Non formulándose máis intervencións, a Alcaldía-Presidencia somete o asunto a votación.

Votación:

Votos a favor:

- 14 Grupo PARTIDO POPULAR
- 4 Grupo PARTIDO SOCIALISTA
- 2 Grupo BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
- 1 Grupo NON ADSCRITOS

Á vista do resultado da votación, o Alcalde-Presidente proclama adoptados, por UNANIMIDADE, os acordos transcritos no ditame que se deixa reflectido.

5. PROPOSTA DE RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL DO REGULAMENTO DAS CONDICIÓN DE TRABALLO DOS FUNCIONARIOS DE POLICIA LOCAL DO CONCELLO DE ARTEIXO.- Dase conta ao Pleno da Corporación de que a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno, en sesión ordinaria celebrada o luns 25 de maio de 2026, emitiu o seguinte **DITAME**:

“12. ASUNTOS DE URXENCIA.-

12.1. PROPOSTA DE RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL DO REGULAMENTO DAS CONDICIÓN DE TRABALLO DOS FUNCIONARIOS DE POLICIA LOCAL DO CONCELLO DE ARTEIXO.-

“PROCEDEMENTO.- Elaboración y aprobación de ordenanzas y reglamentos

Expediente.- 2026/G013/000003

Expediente de proposta.- 2026/G006/000238

ASUNTO: PROPOSTA DE RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL DO REGULAMENTO DAS CONDICIÓN DE TRABALLO DOS FUNCIONARIOS DE POLICIA LOCAL DO CONCELLO DE ARTEIXO.-

Na sesión ordinaria celebrada o 26 de marzo de 2026, o Pleno da Corporación aprobou o Regulamento das condicións de traballo dos funcionarios de Policía Local do Concello de Arteixo.

Con posterioridade advertíuse un erro na expresión da franxa horaria descriptiva do período “fin de semana”, xa que, no artigo 4.3 establécese:

"3.- Considerarase "fin de semana" as quendas comprendidas entre as 00:00 horas do venres ata as 00:00 horas do luns, cada compoñente realizará un fin de semana de cada tres (un traballado e dous libres), agás aqueles que posúan especial adicación, destino específico ou segunda actividade".

Nembargantes, a fin de semana non comenza ás 00:00 horas do venres, senón ás 00:00 horas do sábado, sendo ésta unha realidade non discutida nin tan sequera abordada no procedemento de negociación colectiva.

Consecuentemente, procede corrixir este erro de expresión, polo que PROPOÑO ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Rectificar o artigo 4.3 do Regulamento das condicións de traballo dos funcionarios de Policía Local do Concello de Arteixo aprobado na sesión ordinaria celebrada o 26 de marzo de 2026, de xeito que quede redactado como segue:

"3.- Considerarase "fin de semana" as quendas comprendidas entre as 00:00 horas do sábado ata as 00:00 horas do luns, cada compoñente realizará un fin de semana de cada tres (un traballado e dous libres), agás aqueles que posúan especial adicación, destino específico ou segunda actividade".

SEGUNDO.- Ordenar a publicación no Boletín Oficial da Provincia do texto íntegro corrixido de conformidade co presente acordo.

TERCEIRO.- Dar traslado ao departamento de Persoal, para que proceda segundo os trámites oportunos.

Asina dixitalmente: José María Sánchez Novo (Concelleiro de Persoal e Seguridade Cidadá)."

Deseguido, a Alcaldía-Presidencia somete a votación a urxencia do asunto.

Votos a favor da urxencia: UNANIMIDADE.

Aprobada a urxencia, a Alcaldía-Presidencia da un turno de intervencións.

<<...>>

Non formulándose máis intervencións a Alcaldía-Presidencia, somete o asunto a votación.

Votación:

<<...>>

Á vista do resultado da votación, aa votación Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno, en VOTACIÓN ORDINARIA e por MAIORÍA, ditamina favorablemente propoñer ao Pleno da Corporación a adopción dos acordos transcritos na proposta que se deixa reflectida."

Deseguido, pola Alcaldía-Presidencia dase un turno de intervencións:

<<...><

Non formulándose máis intervencións, a Alcaldía-Presidencia somete o asunto a votación.

Votación:

Votos a favor:

- 14 Grupo PARTIDO POPULAR
- 4 Grupo PARTIDO SOCIALISTA
- 2 Grupo BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
- 1 Grupo NON ADSCRITOS

Á vista do resultado da votación, o Alcalde-Presidente proclama adoptados, por UNANIMIDADE, os acordos transcritos no ditame que se deixa reflectido.

6. MOCIÓN INSTITUCIONAL PARA REXEITAR A INSTALACIÓN DUNHA PLANTA DE BIOGÁS NO CONCELLO VECIÑO DA LARACHA (RE 2026/999/5327 do 19.05.2026).-
Polo Secretario Xeral, procédese a dar lectura á seguinte moción institucional:

“

**MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE ARTEIXO PARA REXEITAR A
INSTALACIÓN DUNHA PLANTA DE BIOGÁS NO CONCELLO VECIÑO DA
LARACHA**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O biogás e o biometano constitúen fontes de enerxía renovábel obtidas a partir da descomposición de materia orgánica, como xurros gandeiros, esterco, residuos agrícolas ou restos da industria alimentaria. Cando son correctamente planificadas e axeitadamente dimensionadas, este tipo de instalacións poden representar unha oportunidade para mellorar a xestión de residuos e avanzar cara a un modelo de produción enerxética máis sustentábel e de proximidade.

Porén, os proxectos de grande escala promovidos cunha finalidade fundamentalmente especulativa ou comercial presentan importantes riscos ambientais, territoriais e sociais, especialmente cando se pretenden implantar en contornas rurais sen garantías suficientes nin planificación pública adecuada.

Neste contexto, a empresa Aratel pretende implantar unha macroplanta de produción de biogás no lugar de Vista Alegre, na parroquia de Soandres, no concello da Laracha, cunhas características que esta corporación considera incompatíbeis coa protección do territorio, dos recursos hídricos e da calidade de vida da veciñanza, entre a que se inclúe a do noso municipio, Arteixo, pola súa proximidade.

Entre os aspectos máis preocupantes do proxecto destacan os seguintes:

- A planta ocuparía máis de 95.070 m² de solo rústico en proximidade directa ao río Anllóns.
- Prevese o tratamento de 65.000 toneladas anuais de residuos, incluídos subprodutos animais clasificados como SANDACH de categoría 2.
- O proxecto contempla a circulación diaria de arredor de 13 camións polas vías locais e dos municipios colindantes, caso de Arteixo.



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

- Estímase un consumo anual de 1,5 millóns de litros de auga, extraídos do principal regato que alimenta o río Anllóns.
- Xeraría máis de 30.000 toneladas anuais de efluentes líquidos e preto de 20.000 toneladas de dixestato sólido sen un tratamento específico claramente definido.
- As instalacións situaríanse a menos de 300 metros de núcleos de poboación, cun impacto significativo en termos de ruídos, cheiros e afección á convivencia.
- O proxecto prevé a creación dun máximo de 10 empregos directos, polo que o retorno económico e social para a zona resulta claramente insuficiente en relación co impacto previsto.

A todo isto engádese a inexistencia, na actualidade, dunha normativa específica en Galiza que regule de maneira integral a implantación e funcionamento das plantas de biogás, así como o tratamento e destino do dixestato producido. Esta situación xera unha evidente inseguridade xurídica e ambiental para as administracións e para as comunidades afectadas.

Así mesmo, a veciñanza da Laracha e da contorna, nomeadamente Arteixo, manifestou publicamente a súa preocupación polos posibles efectos do proxecto sobre os recursos hídricos, a calidade do aire, a saúde pública, a desvalorización das propiedades e a eventual proliferación doutras macroinfraestruturas similares na zona.

Por estes motivos, o BNG propón ao Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. Manifestar a oposición desta Corporación ao proxecto de planta de biogás promovido pola empresa Aratel no lugar de Vista Alegre, parroquia de Soandres, no concello da Laracha, na súa configuración actual, polas graves afeccións ambientais, paisaxísticas, hídricas e sociais que presenta.
2. Instar á Xunta de Galiza a non declarar este proxecto como iniciativa empresarial prioritaria nin aplicarlle ningunha figura de aceleración administrativa, mentres subsistan dúbidas fundadas sobre a súa localización, o seu impacto ambiental e o modelo de xestión que o sustenta.
3. Instar á Xunta de Galiza á elaboración urxente dunha normativa específica que regule a implantación e funcionamento das plantas de biogás en Galiza, en liña co establecido noutras comunidades autónomas, e a estudar, mentres esta normativa non entre en vigor, as posibilidades legais para suspender cautelarmente a tramitación administrativa deste tipo de proxectos.

4. Mostrar o apoio desta Corporación á veciñanza da Laracha e reiterar o compromiso municipal coa defensa do territorio rural, dos recursos naturais e da calidade de vida das persoas que viven e traballan nel.
5. Dar traslado destes acordos ao Goberno da Xunta de Galiza, ao Parlamento de Galiza, ao Concello da Laracha e ás asociacións veciñais afectadas polo proxecto.

”

7. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL NON ADSCRITO PARA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS EN RELACIÓN COA OCUPACIÓN ILEGAL DO DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL NA TRAVESÍA DE ARTEIXO E A RECLAMACIÓN DAS CANTIDADES E RESPONSABILIDADES QUE LEGALMENTE PROCEDAN (RE 2026/999/5351 do 19.05.2026).- Dase conta ao Pleno da Corporación de que a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno, en sesión ordinaria celebrada o luns 25 de maio de 2026, emitiu o seguinte **DITAME**:

“7. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL NON ADSCRITO PARA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS EN RELACIÓN COA OCUPACIÓN ILEGAL DO DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL NA TRAVESÍA DE ARTEIXO E A RECLAMACIÓN DAS CANTIDADES E RESPONSABILIDADES QUE LEGALMENTE PROCEDAN (RE 2026/999/5351 do 19.05.2026).- Dase conta da moción presentada polo Grupo Municipal Non Adscrito en data 19.05.2026 con rexistro de entrada nº 2026/999/5351, co seguinte teor literal:

“

MOCIÓN PARA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS EN RELACIÓN COA OCUPACIÓN ILEGAL DO DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL NA TRAVESÍA DE ARTEIXO E A RECLAMACIÓN DAS CANTIDADES E RESPONSABILIDADES QUE LEGALMENTE PROCEDAN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Constando indicios gráficos da presenza, xa en outubro de 2012, dunha instalación tipo caseta destinada ao desenvolvemento dunha actividade de carácter inmobiliario situada no ámbito da parcela con referencia catastral 9744522NH3994N, na Travesía de Arteixo, e resultando da documentación municipal consultada a inexistencia do preceptivo título habilitante para o exercicio da actividade desenvolvida, así como a formalización da cesión ao Concello dos terreos destinados a vias con data 16 de decembro de 2013, dita instalación permaneceu, cando menos desde ese momento e de maneira claramente acreditada mediante imaxes históricas accesibles, ocupando dominio público municipal sen contar con ningún título habilitante para tal ocupación.

Tal circunstancia foi ademais recoñecida publicamente en sesión plenaria.

Os feitos descritos supoñen unha ocupación continuada e ilegal do dominio público municipal, co conseguinte aproveitamento privativo dun ben de titularidade pública sen a correspondente autorización administrativa nin o aboamento das cantidades legalmente esixibles.

Ademais do evidente prexuízo económico que esta situación puido ocasionar ás arcas municipais, prodúcese un claro agravio comparativo respecto daqueles particulares, autónomos e empresas que si cumpren coas súas obrigas legais e tributarias cando pretenden ocupar dominio público municipal ou desenvolver actividades económicas sometidas a control administrativo.

O Concello, como administración titular dos bens de dominio público municipal, ten a obriga de velar pola súa protección, defensa, conservación e correcta xestión, así como de exercitar as potestades administrativas, tributarias e sancionadoras que lle correspondan en defensa do interese xeral, garantindo unha actuación administrativa eficaz, dilixente e plenamente acorde cos principios de legalidade e boa administración.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. O Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, establece que o uso privativo ou aproveitamento especial dos bens de dominio público require a correspondente autorización ou concesión administrativa.

Segundo. A Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, recolle o carácter inalienable, imprescritible e inembargable dos bens de dominio público, así como a obriga das administracións públicas de garantir a súa protección e defensa.

Terceiro. A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, atribúe ás entidades locais a competencia para a xestión, administración e defensa dos seus bens e dereitos.

Cuarto. A Ordenanza Fiscal nº 20 do Concello de Arteixo, reguladora da taxa pola ocupación do subsolo, solo e voo de terreos de uso público local, establece a obriga de aboamento da correspondente taxa polos aproveitamentos especiais ou utilizacións privadas do dominio público municipal.

Quinto. A Ordenanza Fiscal nº 25 do Concello de Arteixo, reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público local con mercadorías, materiais de construción, entullos, valos, puntales, estadas e outras instalacións análogas, resulta igualmente de aplicación en función da natureza da instalación existente.

Sexto. A Ordenanza non fiscal nº 18 do Concello de Arteixo, “Ordenanza de obras e servizos no dominio público”, establece a necesidade de contar coa correspondente autorización previa para actuacións ou ocupacións sobre o dominio público municipal.

Sétimo. De conformidade coa Lei 58/2003, Xeral Tributaria, e coa restante normativa administrativa aplicable, a utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público municipal xera a correspondente obriga tributaria, sen prexuízo da eventual incoación dos procedementos administrativos ou sancionadores que legalmente procedan.

Por todo o exposto, propónse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes
ACORDOS:

Primeiro. Instar á Alcaldía-Presidencia, como órgano competente, a que, no prazo máximo de quince (15) días naturais, dite resolución expresa ordenando a incoación do correspondente expediente administrativo para determinar o período efectivo durante o que se produciu a ocupación ilegal do dominio público municipal, así como a persoa física ou xurídica responsable aos efectos da existencia das correspondentes obrigas tributarias, administrativas e sancionadoras, incorporando ao expediente os antecedentes

e documentación necesarios para a tramitación das actuacións que legalmente procedan.

Segundo. Instar ao órgano municipal competente a que, no prazo máximo de quince (15) días naturais desde a incoación do expediente, proceda á práctica das actuacións necesarias para a liquidación das taxas, prezos públicos ou demais cantidades que legalmente procedan, derivadas da ocupación ilegal do dominio público municipal.

Terceiro. Instar ao órgano competente a que, no mesmo prazo, valore e, se procede, acorde a incoación dos correspondentes procedementos sancionadores ou administrativos que legalmente resulten procedentes polos feitos descritos.

Cuarto. Instar aos servizos técnicos, económicos e xurídicos municipais, no ámbito das súas respectivas competencias, á emisión dos informes necesarios para a correcta determinación do eventual prexuízo económico causado ás arcas municipais.

Quinto. Instar á Alcaldía-Presidencia a que impulse de oficio, con carácter prioritario, a tramitación efectiva dos expedientes anteriores.

Sexto. Instar á Alcaldía-Presidencia a que, no marco dos expedientes que se incoen e á vista dos feitos que resulten acreditados, se soliciten aos servizos municipais competentes os informes xurídicos e económicos oportunos para valorar a eventual existencia de responsabilidades administrativas, patrimoniais ou contables derivadas da falta de actuación municipal ante a ocupación irregular do dominio público, no caso de que proceda conforme á normativa vixente.

Sétimo. Dar conta ao Pleno da Corporación, na primeira sesión ordinaria que se celebre unha vez transcorridos os prazos sinalados, das actuacións efectivamente realizadas en execución dos presentes acordos.

”

Deseguido, a Alcaldía-Presidencia, da un turno de intervencións.

<<...>>

Non formulándose máis intervencións, a Alcaldía-Presidencia, somete o asunto a votación.

Votación:

<<...>>

Á vista do resultado da votación, a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno, en VOTACIÓN ORDINARIA e por MAIORÍA, ditamina favorablemente propoñer ao Pleno da Corporación a adopción dos acordos transcritos na moción que se deixa reflectida.”

Deseguido, pola Alcaldía-Presidencia dase un turno de intervencións:

<<...>>

Non formulándose máis intervencións, a Alcaldía-Presidencia somete o asunto a votación.

Votación:

Votos a favor:

2 Grupo BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

1 Grupo NON ADSCRITOS

Votos en contra:

14 Grupo PARTIDO POPULAR

Abstenciones:

4 Grupo PARTIDO SOCIALISTA

Á vista do resultado da votación, o Alcalde-Presidente proclama, por MAIORÍA, rexeitada a moción.

8. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PROPOÑENDO UN NOVO SISTEMA DE BECAS EDUCATIVAS DO CONCELLO DE ARTEIXO (RE 2026/999/5351 do 19.05.2026).- Dase conta ao Pleno da Corporación de que a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno, en sesión ordinaria celebrada o luns 25 de maio de 2026, emitiu o seguinte **DITAME**:

“10. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PROPOÑENDO UN NOVO SISTEMA DE BECAS EDUCATIVAS DO CONCELLO DE ARTEIXO (RE 2026/999/5351 do 19.05.2026).-

Dase conta da moción presentada polo Grupo Municipal Socialista en data 19.05.2026 con rexistro de entrada nº 2026/999/5351, relativa ao asunto referenciado, co seguinte teor literal:

“

MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Dende o grupo socialista levamos anos reclamando un cambio no sistema de becas educativas do noso concello, cun goberno incapaz de mellorar a axilidade na xestión de ditas axudas e de introducir novas liñas como as propostas polo noso partido na campaña electoral do ano 2023 para o aprendizaxe de idiomas no exterior.

O concello de Arteixo dispón de 3 liñas de axuda ao estudio:

1. Comedores
2. Adquisición de libros e material didáctico
3. Transporte

Atopámonos preto da finalización do curso 2025/2026 e o concello aínda acaba de publicar o 21 de Abril de 2026, a listaxe definitiva das concesións de becas do curso pasado 2024/2025 e publicaron a convocatoria para o curso a piques de finalizar en Febreiro deste ano con data límite de solicitude 3 de Marzo de 2026.

Año tras año sucede o mesmo, no primeiro trimestre do ano, concellos como o de Vigo ou A Coruña publican as bases e convocatoria do curso que comezará no mes de Setembro, pero en Arteixo se publican as bases e convocatoria do curso a piques de rematar e polo tanto deixan as familias sen capacidade para decidir se poden ou non apuntar aos seus fillos/as aos comedores escolares ao non saber se van a recibir as axudas e non ter en moitos casos capacidade económica para adiantar os cartos.

As preguntas da cidadanía son, ¿por que os concellos de A Coruña ou Vigo publican as liñas de axuda un ano antes que se publiquen en Arteixo?, se os concellos de A Coruña e Vigo poden ter resoltas as concesións das axudas para o principio do curso, ¿por que o concello de Arteixo o fai cando está a punto de rematar?

Evidentemente hai unha falla absoluta de capacidade e xestión na parte política do goberno do PP que están a pagar as familias dos alumnos/as dos centros educativos de Arteixo e que podemos observar esta mesma semana nunha comunicación dunha ANPA dun centro público do noso concello que dicía literalmente:

NOTA INFORMATIVA DEL AMPA: RETRASO BECAS COMEDOR.

Estimadas familias:

*La empresa ***** nos comunica que el Concello ha retrasado la aprobación definitiva de becas comedor hasta principios de Junio.*

Al ser el AMPA el responsable del servicio OS INFORMAMOS DE CÓMO AFECTA ÉSTO:

- *Devoluciones congeladas: No se pueden abonar los importes a las familias hasta que el concello publique la lista oficial.*
- *Cierre de Curso: El retraso bloquea la contabilidad de este año y complica la planificación del próximo curso.*

*Aclaramos que esta situación es ajena al AMPA y a ***** (la empresa que gestiona el comedor). Se lleva reclamando información desde enero sin éxito.*

Lamentamos profundamente el perjuicio económico que este retraso de la administración os pueda causar.

Os mantendremos informados.

Dende o grupo municipal cremos que xa é momento de que o grupo de goberno se poña atención ás deficiencias do sistema e se adapte para que as familias non sufran a incapacidade dos seus gobernantes.

Ademais deberan de estudar a posibilidade de ampliar as liñas de axuda para fomentar o estudo de idiomas no estranxeiro, tal e como fan noutros concellos, cunha nova liña de axudas en concorrencia competitiva para estancias no estranxeiro de estudantes de

idiomas de lingua estranxeira, que no concello de Vigo é para estudantes da escola oficial de idiomas e na Coruña para estudantes de 1º e 2º de bacharelato.

Diante desta situación, propoño ó pleno desta Corporación a adopción do seguinte,
ACORDO:

1. Cambiar o sistema de axudas escolares do concello de Arteixo para que sexan publicadas a principios do ano que comeza o curso e concedidas definitivamente ao inicio do curso escolar.
2. Estudar a implantación dunha nova liña de axudas para estancias no estranxeiro de estudantes de idiomas de lingua estranxeira.

”

Deseguido, a Alcaldía-Presidencia, da un turno de intervencións.

<<...>>

Non formulándose máis intervencións, a Alcaldía-Presidencia, somete o asunto a votación.

Votación:

<<...>>

Á vista do resultado da votación, a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno, en VOTACIÓN ORDINARIA e por MAIORÍA, ditamina favorablemente propoñer ao Pleno da Corporación a adopción dos acordos transcritos na moción que se deixa reflectida.”

Deseguido, pola Alcaldía-Presidencia dase un turno de intervencións:

<<...>>

Non formulándose máis intervencións, a Alcaldía-Presidencia somete o asunto a votación.

Votación:

Votos a favor:

- 14 Grupo PARTIDO POPULAR
- 4 Grupo PARTIDO SOCIALISTA
- 2 Grupo BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
- 1 Grupo NON ADSCRITOS

Á vista do resultado da votación, o Alcalde-Presidente proclama adoptados, por UNANIMIDADE, os acordos transcritos na moción que se deixa reflectida.

9. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA REXEITANDO A IMPLANTACIÓN DO DENOMINADO CRITERIO DE "PRIORIDADE NACIONAL" (RE 2026/999/5351 do 19.05.2026).- Dase conta ao Pleno da Corporación de que a Comisión Informativa de

Asuntos Xerais do Pleno, en sesión ordinaria celebrada o luns 25 de maio de 2026, emitiu o seguinte **DITAME**:

“11. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA REXEITANDO A IMPLANTACIÓN DO DENOMINADO CRITERIO DE “PRIORIDADE NACIONAL” (RE 2026/999/5351 do 19.05.2026).- Dase conta da moción presentada polo Grupo Municipal Socialista en data 19.05.2026, con rexistro de entrada nº 2026/999/5351, co seguinte teor literal:

“

MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Nas últimas semanas adquiriu unha notable presenza no debate público o concepto de “prioridade nacional”, especialmente a raíz dos acordos de goberno subscritos entre o Partido Popular e VOX en distintas comunidades autónomas, como Extremadura e Aragón. Este termo, que VOX anunciou que deberá ser incluído en todos os pactos de goberno que firme co PP, situouse no centro da discusión política polo seu potencial conflito cos principios de igualdade, cohesión social e co propio marco constitucional e autonómico.

A denominada “prioridade nacional”, xurdida no seo das organizacións de ultradereita francesas durante a segunda metade do século XX, presentouse habitualmente como un criterio de preferencia no acceso a determinados servizos, prestacións ou dereitos en favor das persoas con nacionalidade española fronte ás estranxeiras. Neste sentido, distintos responsables políticos de VOX aclararon que, a través deste acordo, os gobernos rexionais teñen a obriga de establecer unha cláusula transversal que condicione o acceso da poboación inmigrante a calquera tipo de axudas sociais, servizos

públicos ou prestacións asistenciais, formulando en todo momento a necesidade de priorizar aos nacionais en contextos de recursos limitados.

Porén, esta non é a única interpretación que se realizou sobre este principio, e mentres Jorge Azcón ou María Guardiola non chegaron a aclarar de forma explícita como vai influír este principio no deseño de leis e políticas públicas, outros dirixentes como Alberto Núñez Feijóo ou Miguel Tellado trataron de mitigar o seu alcance, circunscribíndoo a criterios de arraigamento, contribución ou tempo de residencia.

En todo caso, un dos posicionamentos máis favorables do Partido Popular respecto a este principio foi o expresado polo propio Alfonso Rueda, que, tras un Consello da Xunta, aclarou que lle parecía unha medida de “absoluto sentido común” e consideraba que “aquelas persoas que levaban tempo cotizando” tiñan un dereito preferente no acceso aos servizos públicos ou ás prestacións sociais.

Convén lembrar que o ordenamento xurídico español, en consonancia cos principios constitucionais e cos compromisos internacionais asumidos por España, establece un marco claro en materia de dereitos das persoas estranxeiras. A Constitución Española consagra o principio de igualdade e prohíbe calquera discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Así mesmo, a normativa vixente en materia de estranxeiría recoñece ás persoas inmigrantes unha serie de dereitos fundamentais, especialmente en ámbitos como a educación, a sanidade ou os servizos sociais básicos, cuxa garantía non pode quedar supeditada a criterios de nacionalidade.

En canto ao marco competencial, a Constitución atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de nacionalidade, estranxeiría e dereito de asilo, o que inclúe a regulación das condicións de entrada, permanencia e dereitos das persoas estranxeiras en España. Pola súa banda, as entidades locais, nos termos previstos na lexislación de réxime local, exercen competencias en ámbitos como os servizos sociais e a promoción da integración social, así como na xestión de servizos de proximidade dirixidos á cidadanía, sempre dentro do respecto á lexislación básica estatal e aos principios constitucionais.

Esta distribución competencial implica, por tanto, que as administracións locais non poden establecer, no exercicio das súas competencias, criterios que supoñan unha restrición ou alteración dos dereitos recoñecidos ás persoas estranxeiras pola normativa estatal, nin introducir discriminacións directas ou indirectas por razón de nacionalidade no acceso a servizos públicos, nin sequera no suposto de que as administracións autonómicas impulsasen ou adoptasen medidas nesa dirección.

Neste sentido, a eventual aplicación de criterios de “prioridade nacional” por parte de administracións autonómicas podería entrar en conflito con dito marco competencial, ao afectar a dereitos cuxa configuración corresponde ao Estado, ao tempo que podería tamén comprometer os principios de igualdade e non discriminación, xerando ademais situacións de desigualdade territorial no acceso a dereitos e prestacións en función da comunidade autónoma de residencia.

Neste contexto, resulta necesario que o conxunto das institucións públicas, incluídas as administracións locais, actúen con claridade e firmeza para salvagardar os principios de igualdade, legalidade e cohesión social, evitando a implantación de medidas que poidan derivar en discriminacións ou nunha fragmentación do acceso aos dereitos en función da nacionalidade.

Diante desta situación, propoño ó pleno desta Corporación a adopción do seguinte,
ACORDO:

1. Rexeitar a implantación do denominado criterio de “prioridade nacional” en Galicia, así como de calquera medida que supoña discriminación directa ou indirecta por razón de nacemento, orixe, raza, nacionalidade ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social no acceso aos servizos públicos e ás prestacións sociais.
2. Condenar calquera política pública, principio ideolóxico ou acordo de goberno que criminalice ou estigmatice ás persoas inmigrantes, dificulte de forma formal ou efectiva o seu acceso a dereitos básicos, ou estableza discriminacións por razón de nacemento, orixe, raza, nacionalidade ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
3. Garantir, no exercicio das súas competencias, que o acceso aos servizos públicos e ás prestacións sociais no concello de Arteixo se rexa polos principios de igualdade, non discriminación e universalidade, evitando a introdución de criterios baseados na nacionalidade que poidan vulnerar dereitos fundamentais.
4. Reforzar a coordinación coa Administración Xeral do Estado, coa Xunta de Galicia e cos axentes sociais para asegurar o cumprimento da normativa vixente en materia de estranxeiría e o respecto ao marco competencial, evitando a adopción de medidas que poidan xerar desigualdade territorial.

“

Deseguido, a Alcaldía-Presidencia, da un turno de intervencións.

<<...>>

Non formulándose máis intervencións, a Alcaldía-Presidencia, somete o asunto a votación.

Votación:

<<...>>

Á vista do resultado da votación, a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno, en VOTACIÓN ORDINARIA e por MAIORÍA, ditamina favorablemente propoñer ao Pleno da Corporación a adopción dos acordos transcritos na moción que se deixa reflectida.”

Deseguido, pola Alcaldía-Presidencia dase un turno de intervencións:

<<...>>

Non formulándose máis intervencións, a Alcaldía-Presidencia somete o asunto a votación.

Votación:

Votos a favor:

- 14 Grupo PARTIDO POPULAR
- 4 Grupo PARTIDO SOCIALISTA
- 2 Grupo BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
- 1 Grupo NON ADSCRITOS

Á vista do resultado da votación, o Alcalde-Presidente proclama adoptados, por UNANIMIDADE, os acordos transcritos na moción que se deixa reflectida.”

10. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA DOTAR DE EQUIPAMENTO E PERSOAL PRECISO A INSTALACIÓN DE RAIOS X NO CENTRO DE SAÚDE DE ARTEIXO.- Dase conta ao Pleno da Corporación de que a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno, en sesión ordinaria celebrada o luns 25 de maio de 2026, emitiu o seguinte **DITAME:**

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA DOTAR DE EQUIPAMENTO E PERSOAL PRECISO A INSTALACIÓN DE RAIOS X NO CENTRO DE SAÚDE DE ARTEIXO.- Dase conta da moción presentada polo Grupo Municipal do BNG en data 19.05.2026 con número de rexistro de entrada 2026/999/5327, relativa ao asunto referenciado, co seguinte teor literal:

“



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE ARTEIXO PARA DOTAR DE EQUIPAMENTO E PERSOAL PRECISO A INSTALACIÓN DE RAIOS X NO CENTRO DE SAÚDE DE ARTEIXO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación da atención sanitaria pública en Arteixo é, a día de hoxe, claramente insuficiente e inxusta para unha poboación que supera xa os **34.000 habitantes**, unha das que máis medra da comarca metropolitana. Este incremento demográfico non foi acompañado do reforzo necesario nos recursos sanitarios, provocando unha sobrecarga evidente na atención primaria e un deterioro progresivo da calidade asistencial.

O Centro de Saúde de Arteixo dispón dunha instalación de raios X inscrita no Rexistro de instalacións con fins de diagnóstico médico da Xunta de Galiza e que non está operativa por falta de vontade política da Xunta de Galiza e do SERGAS, que non dotaron nin do equipamento actualizado nin do persoal técnico necesario. Esta situación é absolutamente inaceptable, xa que supón manter infrautilizados recursos públicos mentres a veciñanza sofre as consecuencias. É preciso, pois dotar a esta instalación de sala plomada para o seu funcionamento operativo do persoal e o equipamento precisos.

Na práctica, esta carencia obriga ás persoas usuarias a desprazarse a centros hospitalarios como o CHUAC para probas básicas de radiodiagnóstico. Isto tradúcese en **tempos de espera que poden superar as varias semanas para probas non urxentes**, así como en desprazamentos innecesarios, custos engadidos e unha sobrecarga evitábel dos servizos hospitalarios.

Estamos ante un exemplo claro de abandono da sanidade pública por parte da Xunta, que castiga especialmente concellos como Arteixo, cunha alta densidade

de poboación e unha actividade industrial e laboral intensa, onde a necesidade de diagnósticos rápidos e eficaces é aínda maior.

Non se trata dunha demanda nova nin improvisada: é unha reivindicación histórica da veciñanza e do persoal sanitario, que continúa sen resposta mentres se deteriora o servizo público. De feito o BNG ven de presentar no Parlamento de Galiza preguntas para resposta oral e escrita, así como unha proposición non de lei para o seu debate na Comisión quinta para que se abra operativamente esta sala de radioloxía no PAC de Arteixo, ademais de abrir en horario de tarde os centros de saúde de Vilarrodís e de Meicende e de pedir a valoración do goberno galego sobre a situación da atención sanitaria en Arteixo e das eivas en atención primaria que deben ser corrixidas.

Por estes motivos, o BNG propón ao Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. Instar á Xunta de Galiza e á Consellería de Sanidade a dotar de maneira inmediata o Centro de Saúde de Arteixo do equipamento técnico necesario para a posta en funcionamento real e efectiva da instalación de raios X (Ref. XG/C-1515).
2. Esixir a contratación e asignación estable de persoal cualificado (técnicos/as especialistas en radiodiagnóstico e persoal facultativo) que garanta a prestación continuada do servizo.
3. Demandar que o servizo de radiodiagnóstico forme parte da carteira ordinaria de prestacións do Centro de Saúde de Arteixo, evitando así desprazamentos innecesarios da veciñanza.
4. Reclamar un plan de reforzo específico da atención primaria en Arteixo acorde coa súa realidade demográfica e asistencial.
5. Dar traslado desta moción á Consellería de Sanidade, ao SERGAS e aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galiza, esixindo unha resposta inmediata.

“

Deseguido, pola Alcaldía-Presidencia, dase un turno de intervencións.

<<...>>

Non formulándose máis intervencións, a Alcaldía-Presidencia, somete o asunto a votación.

Votación:

<<...>>

Á vista do resultado da votación, a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno, en VOTACIÓN ORDINARIA e por MAIORÍA, ditamina favorablemente propoñer ao Pleno da Corporación a adopción dos acordos transcritos na moción que se deixa reflectida.”

Deseguido, pola Alcaldía-Presidencia dase un turno de intervencións:

<<...>>

Non formulándose máis intervencións, a Alcaldía-Presidencia somete o asunto a votación.

Votación:

Votos a favor:

- 14 Grupo PARTIDO POPULAR
- 4 Grupo PARTIDO SOCIALISTA
- 2 Grupo BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
- 1 Grupo NON ADSCRITOS

Á vista do resultado da votación, o Alcalde-Presidente proclama adoptados, por UNANIMIDADE, os acordos transcritos na moción que se deixa reflectida.

**** Abandona a sesión a Sra. Cedeira Zas, Concelleira do Grupo Municipal Socialista.**

11. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA CONDENAR O ASALTO ILEGAL DE ISRAEL Á FLOTILLA HUMANITARIA GLOBAL SUMUD (RE 2026.999.5493 do 22.05.2025).- Dase conta ao Pleno da Corporación de que a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno, en sesión ordinaria celebrada o luns 25 de maio de 2026, emitiu o seguinte **DITAME**:

“12. ASUNTOS DE URXENCIA.-

12.2. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA CONDENAR O ASALTO ILEGAL DE ISRAEL Á FLOTILLA HUMANITARIA GLOBAL SUMUD (RE 2026.999.5493 do 22.05.2025).-Dase conta da moción presentada polo Grupo Municipal do BNG en data 22.05.2026 con rexistro de entrada nº 2626.999.5493, relativa ao asunto referenciado, co seguinte teor literal:

“

MOCIÓN DO BNG PARA CONDENAR O ASALTO ILEGAL DE ISRAEL Á FLOTILLA HUMANITARIA GLOBAL SUMUD

XURXO COUTO RODRÍGUEZ, Portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Arteixo, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte **MOCIÓN** para o seu debate no Pleno da corporación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pasado 18 de maio, o Estado de Israel perpetrou un novo acto de piratería internacional ilegal contra a Global Sumud Flotilla, unha embarcación humanitaria que foi interceptada en augas de libre navegación situadas dentro da zona SAR (Search and Rescue) de Chipre, cando se dirixía á Faixa de Gaza. Esta interceptación resulta totalmente contraria aos tratados internacionais; calquera ataque destas características constitúe un crime de guerra e un ataque directo contra a soberanía do estado do pavillón dos barcos, vulnerando de xeito flagrante o dereito marítimo internacional, a liberdade de navegación en alto mar e a Convención das Nacións Unidas sobre o Dereito do Mar.

O asalto e secuestro das persoas activistas a bordo inclúe a sete galegas e galegos, integrantes de Galiza-Global Sumud Flotilla. Trátase dun secuestro ilegal en augas internacionais, polo que as persoas retidas deben ser liberadas de maneira urxente e inmediata.

Ante esta nova agresión do Estado sionista, as institucións públicas e o municipalismo non poden ficar en silencio nin seguir permitindo a impunidade coa que actúa Israel.

Cómpre lembrar que esta nova agresión vén sumarse a anteriores asaltos ilegais acometidos polo exército israelí contra misións humanitarias, tanto marítimas como terrestres, cuxo obxectivo é denunciar a situación extrema do pobo palestino e rachar co bloqueo imposto contra a Faixa de

Gaza. Só desde outubro de 2023, Israel asasinou de xeito directo máis de 70.000 persoas, ademais das mortas como consecuencia do uso da fame como arma de guerra e da ampliación da ocupación dos territorios palestinos.

O recente 15 de maio conmemorouse o Día da Nakba, que lembra o inicio do desprazamento masivo e forzoso da poboación palestina de 1948, dando conta do alcance dun conflito e dun réxime de apartheid que prosegue na actualidade.

A gravidade destes feitos esixe unha reacción institucional contundente a todos os niveis. É imposible manter unha actitude pasiva; as administracións deben activar todas as medidas políticas e diplomáticas ao seu alcance. Esta corporación amosa o seu apoio e solidariedade coas persoas embarcadas, mais non podemos limitarnos á denuncia verbal. Cómpre esixir ao Goberno español, ao Goberno galego e á Unión Europea protección diplomática, asistencia e seguridade para as activistas galegas para que poidan volver a Galiza canto antes. Así mesmo, as institucións deben impulsar medidas ao máis alto nivel contra Israel, incluída a ruptura de relacións, a suspensión do Acordo de Asociación EU-Israel e a demanda de que se leve a cúpula do Goberno sionista perante a Corte Penal Internacional.

Recollendo o masivo clamor social, este Concello reitera o seu compromiso inabalábel coa paz, coa soberanía dos pobos e o respecto ao dereito internacional, estendendo esta exixencia desde o ámbito local até as máis altas instancias internacionais.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Condenar enerxicamente o acto de piratería internacional ilegal cometido por Israel contra a flotilla humanitaria Global Sumud Flotilla o pasado 18 de maio, e transmite a súa máis rotunda solidariedade coas persoas secuestradas, coas súas familias e, en particular, coas activistas galegas integrantes de Galiza-Global Sumud Flotilla, así como co resto de tripulacións en risco de seren interceptadas.

2. Solicitar ao Goberno do Estado español e á Unión Europea que activen de urxencia os mecanismos de protección diplomática e asistencia para garantir a seguridade das activistas galegas e do resto da tripulación secuestrada ilegalmente en augas internacionais.

3. Instar ao goberno español, ao goberno galego e ás institucións europeas a adoptar unha resposta contundente fronte á impunidade de Israel, activando medidas políticas e diplomáticas que inclúan a ruptura de relacións, a suspensión do Acordo de Asociación EU-Israel e a denuncia da cúpula do Goberno sionista perante a Corte Penal Internacional polo xenocidio, a ocupación da Palestina e os ataques a misións humanitarias.

4. Dar traslado destes acordos á Presidencia do Goberno español, á Presidencia da Xunta de Galiza, ao Ministerio de Asuntos Exteriores, á Unión Europea e aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galiza e do Congreso dos Deputados, así como ás entidades representativas de Galiza-Global Sumud Flotilla.

“

Deseguido, a Alcaldía-Presidencia somete a votación a urxencia do asunto.

Votos a favor da urxencia: UNANIMIDADE.

Aprobada a urxencia, a Alcaldía-Presidencia da un turno de intervencións.

<<...>>

Non formulándose máis intervencións a Alcaldía-Presidencia, somete o asunto a votación.

Votación:

<<...>>

Á vista do resultado da votación, a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno, en VOTACIÓN ORDINARIA e por MAIORÍA, ditamina favorablemente propoñer ao Pleno da Corporación a adopción dos acordos transcritos na moción que se deixa reflectida.”

Deseguido, pola Alcaldía-Presidencia dase un turno de intervencións:

<<...>>

Non formulándose máis intervencións, a Alcaldía-Presidencia somete o asunto a votación.

Votación:

Votos a favor:

- 14 Grupo PARTIDO POPULAR
- 3 Grupo PARTIDO SOCIALISTA
- 2 Grupo BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
- 1 Grupo NON ADSCRITOS

Á vista do resultado da votación, o Alcalde-Presidente proclama adoptados, por UNANIMIDADE DOS/AS PRESENTES, os acordos transcritos na moción que se deixa reflectida.

**** Abandona a sesión o Sr. Pena Sanmartín, Concelleiro do Grupo Municipal Popular.**

12. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE NON ADSCRITOS PARA DEMANDAR O ARRANXO URXENTE E O REASFALTADO INTEGRAL DA ESTRADA AC-552 AO SEU PASO POLO MUNICIPIO DE ARTEIXO (RE 2026.999.5549 do 25.05.2026).- Dase conta ao Pleno da Corporación de que a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno, en sesión ordinaria celebrada o luns 25 de maio de 2026, emitiu o seguinte **DITAME**:

“12. ASUNTOS DE URXENCIA.-

12.3. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE NON ADSCRITOS PARA DEMANDAR O ARRANXO URXENTE E O REASFALTADO INTEGRAL DA ESTRADA AC-552 AO SEU PASO POLO MUNICIPIO DE ARTEIXO (RE 2026.999.5549 do 25.05.2026).- Dase conta da moción presentada polo Grupo Municipal de Non Adscritos, en data 25.05.2026, con rexistro de entrada nº 2026.999.5549, relativa ao asunto de referencia, co seguinte teor literal:

“



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

MOCIÓN PARA DEMANDAR O ARRANXO URXENTE E O REASFALTADO INTEGRAL DA ESTRADA AC-552 AO SEU PASO POLO MUNICIPIO DE ARTEIXO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrada autonómica AC-552, ao seu paso polo municipio de Arteixo, presenta un estado de deterioro xeralizado en distintos tramos e en ambos os sentidos de circulación, tanto en dirección A Coruña como en dirección Arteixo, cunha situación especialmente grave na zona de Vilarrodís, onde o firme se atopa practicamente desfeito, con numerosas fochancas, desprendementos de material asfáltico e zonas moi degradadas.

Esta situación provoca molestias continuas ás persoas usuarias da vía, danos materiais nos vehículos que circulan por ela e, sobre todo, supón un risco evidente para a seguridade viaria, podendo derivar en accidentes ou situacións de perigo, especialmente para motociclistas e vehículos de dúas rodas.

A AC-552 constitúe unha das principais vías de comunicación que atravesan o municipio, soportando diariamente un elevado volume de tráfico, polo que resulta imprescindible garantir unhas condicións axeitadas de conservación, seguridade e funcionalidade.

Non resulta admisible que unha infraestrutura viaria destas características continúe presentando un estado de deterioro tan acusado, obrigando á veciñanza e ás persoas usuarias da vía a circular en condicións deficientes e potencialmente perigosas.

O Concello de Arteixo, como administración máis próxima á cidadanía e en defensa dos intereses xerais da veciñanza, debe reclamar de maneira firme á administración competente a adopción das medidas necesarias para resolver esta situación.

Por todo o exposto, propónse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro. Instar á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas da Xunta de Galicia e á Axencia Galega de Infraestruturas a proceder de maneira inmediata á reparación dos tramos deteriorados da estrada AC-552 ao seu paso polo municipio de Arteixo.

Segundo. Instar á execución dun plan integral de reparación e reasfaltado completo da estrada AC-552 ao seu paso polo termo municipal de Arteixo, ante o evidente estado de deterioro xeralizado que presenta a vía.

Terceiro. Dar traslado do presente acordo á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas da Xunta de Galicia e á Axencia Galega de Infraestruturas, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

“

Deseguido, a Alcaldía-Presidencia somete a votación a urxencia do asunto.

Votos a favor da urxencia: 9 (PP, BNG, NA)

Abstencións: 2 (PSOE)

Aprobada a urxencia por MAIORÍA, a Alcaldía-Presidencia da un turno de intervencións.

<<...>>

Non formulándose máis intervencións a Alcaldía-Presidencia, somete o asunto a votación.

Votación:

<<...>>

Á vista do resultado da votación, a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno, en VOTACIÓN ORDINARIA e por MAIORÍA, ditamina favorablemente propoñer ao Pleno da Corporación a adopción dos acordos transcritos na moción que se deixa reflectida.”

Deseguido, pola Alcaldía-Presidencia dase un turno de intervencións:

<<...>>

Non formulándose máis intervencións, a Alcaldía-Presidencia somete o asunto a votación.

Votación:

Votos a favor:

- 13 Grupo PARTIDO POPULAR
- 3 Grupo PARTIDO SOCIALISTA
- 2 Grupo BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
- 1 Grupo NON ADSCRITOS

Á vista do resultado da votación, o Alcalde-Presidente proclama adoptados, por UNANIMIDADE DOS/AS PRESENTES, os acordos transcritos na moción que se deixa reflectida.

13. ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se da conta de ningún.

B) PARTE DE CONTROL.-

1. DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS E BANDOS DITADOS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA E DAS XUNTAS DE GOBERNO LOCAL.-

1) Dase conta dos **Decretos:**

nº 1052/2026 ata o nº 1345/2026

2) e das **Actas de Xunta de Goberno Local:**

- Acta XGL ordinaria do 23 de abril do 2026
- Acta XGL ordinaria do 07 de maio do 2026

1. ROGOS E PREGUNTAS.-



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

Grupo NON ADSCRITO

Pregunta NA estacionamento Rañobre (RE 2026.999.5601 do 25.05.2026).-

PREGUNTA PLENO ORDINARIO:

Situación das prazas de estacionamento para persoas con mobilidade reducida no Lugar de Rañobre (Oseiro)

EXPOSICIÓN:

No seu día, esta cuestión xa foi trasladada ao Pleno municipal, poñendo de manifesto a necesidade de habilitar prazas de estacionamento reservadas para persoas con mobilidade reducida no Lugar de Rañobre, en Oseiro, ante a demanda veciñal existente e existindo incluso informe favorable do servizo municipal correspondente.

Pero, transcorrido todo este tempo, a situación continúa sen resolverse, perpetuando unha carencia que afecta directamente á accesibilidade e á calidade de vida das persoas afectadas.

PREGUNTAMOS:

- Por que motivo continúa sen executarse unha actuación que xa contaba con informe favorable municipal?
- Existe previsión concreta para a habilitación definitiva destas prazas?
- Considera o Goberno municipal aceptable que unha necesidade vinculada á accesibilidade continúe sen atenderse tras todo este tempo?

Pregunta NA saneamento vivendas Barrañán (RE 2026.999.5601 do 25.05.2026).-

PREGUNTA PLENO ORDINARIO:

Control da conexión á rede municipal de saneamento das vivendas situadas na contorna da ría de Barrañán

EXPOSICIÓN:

A ría de Barrañán continúa figurando un ano máis como o único punto do municipio de Arteixo con prohibición permanente do baño debido á presenza de contaminación microbiolóxica, segundo os datos publicados por Augas de Baño de Galicia.

Trátase dunha problemática histórica que se vén arrastrando desde hai décadas. Cómpre lembrar que, grazas ao traballo de denuncia e impulso realizado por nós mesmos no seu momento, conseguiuase no seu momento poñer fin aos vertidos de augas fecais procedentes da Rúa Pedra da Área, que durante anos estiveron afectando á contorna da ría, logrando que esas vivendas fosen finalmente conectadas á rede municipal de saneamento.

Por outra banda, segundo manifestacións públicas realizadas polo propio Goberno municipal, a orixe desta contaminación atribúese á infraestrutura de depuración situada en Chamín e xestionada pola EDAR de Bens.

Non obstante, dado que na contorna inmediata da ría existen vivendas situadas en zonas próximas ao propio cauce, como ocorre ao longo da Rúa Punta Alta, resulta necesario aclarar se o Concello ten plenamente verificada a correcta conexión destas edificacións á rede municipal de saneamento, descartando así a existencia doutros posibles focos contaminantes.

PREGUNTAMOS:

- Pode certificar o Goberno municipal que a totalidade das vivendas situadas ao longo da rúa Punta Alta e noutras zonas da contorna inmediata da ría de Barrañán se atopan debidamente conectadas á rede municipal de saneamento?
- Realizou o Concello inspeccións ou comprobacións específicas para verificar esta circunstancia e descartar a existencia de vertidos irregulares procedentes destas vivendas?
- Mantén o Goberno municipal que a orixe da contaminación procede exclusivamente da infraestrutura de depuración situada en Chamín e xestionada pola EDAR de Bens?

Pregunta NA servizo desbroce (RE 2026.999.5601 do 25.05.2026).-

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

PREGUNTA PLENO ORDINARIO:

Incumprimento das prescricións técnicas do contrato de servizo de desbroce na rede de vías municipais do Concello de Arteixo

EXPOSICIÓN:

Tal e como se pode comprobar en distintos puntos do municipio, a empresa adxudicataria do contrato correspondente ao servizo de desbroce na rede de vías municipais do Concello de Arteixo está incumprindo as prescricións técnicas que rexen dito contrato.

En concreto, segundo establece o punto 3 do prego de prescricións técnicas, ademais da execución dos traballos de desbroce, a empresa debe proceder á recollida, carga e transporte dos produtos resultantes dos traballos realizados, así como á limpeza manual complementaria cando resulte necesario.

Pero, a realidade observable en diferentes puntos do termo municipal evidencia que estes traballos non se están executando conforme ás obrigas contractuais establecidas, permanecendo restos vexetais e residuos derivados do desbroce nas marxes e contornas das vías, co conseguinte deterioro do entorno, molestias para a veciñanza e posibles problemas de mantemento e seguridade.

Achegase imaxe ilustrativa correspondente ao lugar da Xesteira (Armentón).

PREGUNTAMOS:

- Ten constancia o Goberno municipal deste incumprimento das obrigas contractuais por parte da empresa adxudicataria do servizo de desbroce?
- Que mecanismos de control e supervisión está a exercer o Concello para garantir o correcto cumprimento das condicións establecidas neste contrato?
- Vai esixir o Goberno municipal á empresa adxudicataria o cumprimento íntegro das obrigas recollidas no contrato e, se procede, adoptar as medidas que correspondan ante este incumprimento?

Rogo NA Área Recreativa Barreiros (RE 2026.999.5601 do 25.05.2026).-

ROGO PLENO ORDINARIO:

Actuación de mantemento en elementos da Área Recreativa dos Barreiros, na parroquia de Monteagudo

EXPOSICIÓN:

Veciños da zona trasladaron o mal estado que presentan determinados elementos da área recreativa dos Barreiros, na parroquia de Monteagudo, concretamente o cercado de madeira que delimita a zona de estacionamento de vehículos, o cercado que rodea o pequeno estanque e o propio estanque existente neste espazo público.

Obsérvase un evidente deterioro en distintos tramos dos cerramentos de madeira, con elementos deteriorados ou ausentes, presentando un estado de conservación deficiente. Así mesmo, o pequeno estanque presenta auga estancada e turbia, acumulación de residuos e unha evidente falta de mantemento, sen que se aprecie o funcionamento do sistema de circulación de auga.

O correcto mantemento destes espazos públicos resulta fundamental para garantir a súa adecuada conservación e uso por parte da veciñanza.

ROGAMOS:

- Que o Goberno municipal proceda, á maior brevidade posible, á reparación e acondicionamento dos tramos deteriorados do cercado de madeira que delimita a zona de estacionamento de vehículos da área recreativa dos Barreiros, así como á revisión, limpeza e posta en correcto funcionamento do pequeno estanque existente neste espazo público, garantindo o seu adecuado mantemento e conservación.

Rogo NA auditorio Centro SC Meicende (RE 2026.999.5601 do 25.05.2026).-

ROGO PLENO ORDINARIO:

Actuación urxente ante o deterioro do teito do auditorio do Centro Sociocultural de Meicende

EXPOSICIÓN:

Hai varios meses, desde esta representación municipal, púxose en coñecemento do Goberno municipal a situación de deterioro que presenta o teito do auditorio do Centro Sociocultural de Meicende, advertindo expresamente do posible risco que esta situación podía supoñer para as persoas usuarias deste espazo.

Pero, a día de hoxe non consta que se adoptase ningunha medida de actuación para corrixir esta situación, que ademais presenta un empeoramento evidente co paso do tempo.

Trátase dun espazo no que se desenvolven actividades culturais e sociais con asistencia habitual de público, incluídas persoas menores de idade, polo que resulta imprescindible actuar con dilixencia para garantir a seguridade das persoas usuarias e evitar posibles incidentes.

ROGAMOS:

- Que o Goberno municipal actúe con carácter urxente para avaliar o estado do teito do auditorio do Centro Sociocultural de Meicende e adoptar as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas usuarias e evitar posibles riscos.

Rogo NA iluminación Sinforiano López (RE 2026.999.5601 do 25.05.2026).-

ROGO PLENO ORDINARIO:

Instalación de iluminación no novo aparcamento público da Rúa Sinforiano López

EXPOSICIÓN:

Atendendo ás queixas e demandas trasladadas por veciños e usuarios da zona, púxose de manifesto que o novo aparcamento público situado na rúa Sinforiano López carece completamente de iluminación pública, circunstancia que xa xera evidentes problemas de visibilidade e pode derivar en problemas de seguridade, especialmente en horario nocturno.

A inexistencia de iluminación nesta infraestrutura pública dificulta o seu uso en condicións adecuadas por parte de peóns, condutores e persoas usuarias do aparcamento, podendo incrementar o risco de posibles incidentes ou accidentes.

Resulta difícil de entender que unha infraestrutura pública de nova creación fose posta en servizo sen dotala dun elemento tan básico e esencial como a iluminación pública, imprescindible para garantir a seguridade e o correcto uso do espazo.

ROGAMOS:

- Que o Goberno municipal proceda, á maior brevidade posible, á instalación da iluminación pública necesaria no novo aparcamento público da Rúa Sinforiano López, co fin de garantir a seguridade, visibilidade e correcto uso desta infraestrutura por parte da veciñanza.

Grupo BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

Pregunta BNG Santaia (RE 2026.999.5493 do 22.05.2025).-

PREGUNTA

OBRAS EN SANTAIA

EXPOSICIÓN

A Igrexa de Santaia é un dos bens patrimoniais, culturais e históricos máis importantes que ten o noso concello.
Sabemos que se van executar ou xa se están executando diversas actuacións ou “traballos menores” no entorno do Igrexario de Santaia.
Como ben sabe o goberno local necesítanse permisos de patrimonio e tamén un seguimento arqueolóxico se se moven terras como é a renovación do pavimento.

Por iso preguntamos:

Téñense os permisos requeridos para ditas obras?
Hai control arqueolóxico nas obras do Igrexario de Santaia?
Existe proxecto ou memoria, de obra e económica, de ditas actividades?...en caso afirmativo, gustaríanos acceder a unha copia.

PreguntaBNG_ProxectoLondra (RE 2026.999.5493 do 22.05.2025).-

PROXECTO LONDRA

EXPOSICIÓN

No traxecto do río Bolaños, río Arteixo, que vai dende a ponte da farmacia ate a Ponte dos Brozos, observase que a terra de recheo incorporada no Proxecto Londra foi desaparecendo. Ademais na lagoa preto do Centro Cívico nótase unha alarmante falta de auga. Ao tempo, a rampa, creada para a actuación dunha escavadora e unha vez rematada a actuación desta, quedou así sen recuperar o terreo a súa forma orixinal.

Por iso preguntamos:

A que son debidos estes problemas? Pensa o goberno do Concello actuar sobre estas circunstancias cara a súa solución?

PreguntaBNG_Republicas.(RE 2026.999.5493 do 22.05.2025).-

REGULARIZACIÓN VIARIA ZONA REPÚBLICAS

EXPOSICIÓN

No Proxecto de Regularización viaria en República del Salvador, rúa Nicaragua, rúa República de Cuba, rúa Honduras, rúa Costa Rica e rúa Cidade de Montevideo, bótase a faltar unha actuación sobre o resto das rúas da citada zona.

Ao tempo existe un problema de seguridade viaria na rúa Pedras na súa confluencia coa rúa Castelao, debido a que os vehículos que se incorporan a esta última dende a rúa Pedras en vez de tomar a dirección obrigatoria cara a dereita, toman a dirección prohibida cara a esquerda, provocando un problema de seguridade viaria no que se repiten situacións perigosas.

Por iso preguntamos:

Cal é o motivo de que non se actúe sobre o resto das rúas da zona das Repúblicas neste proxecto de humanización? Vai actuar o concello para evitar o problema de seguridade viaria na confluencia da rúa Pedras coa rúa Castelao?

Rogo BNG bombeo Rañal. (RE 2026.999.5493 do 22.05.2025).-

ROGO

BOMBEO DO RAÑAL

EXPOSICIÓN

En agosto de 2013 unha noticia nos medios dicía así...

“Os traballos de mellora levados a cabo polo Goberno local no bombeo de O Rañal no deron os seus froitos. O Concelleiro de Obras, José Ramón Amado, asegurou onte en pleno, ante unha pregunta do BNG, que os constantes verquidos ocasionados polo deficiente funcionamento desta infraestrutura "es uno de los problemas más serios de Arteixo". O edil confía en que o traspaso da rede de saneamento á Sociedad que xestiona a Estación Depuradora de Augas Residuais de Bens, unha cesión que, explica, realizárase a finais de setembro ou principios de outubro, supoña unha mellora no servizo.”

Non é de recibo que en 2026 aínda sexan recurrentes os verquidos ao río como o pasado o 4 deste mes de maio sobre todo cando temos programas europeos con moitos cartos subvencionados para a mellora do río e do entorno.

Por iso rogamos:

Se nos diga cal é o problema e se apliquen as solucións que provocan ditos verquidos definitivamente.

Rogo BNG Ría de Barrañán. (RE 2026.999.5493 do 22.05.2025).-

ROGO:

RÍA DE BARRAÑÁN

EXPOSICIÓN

A Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellaría de Sanidade da Xunta de Galiza fixo público o listado das zonas onde estarán prohibidas ao baño DE FORMA PERMANENTE e nesa lista estaba por enésima vez a RÍA DE BARRAÑÁN.

Xa o ano pasado por estas datas o BNG trouxo un requirimento e xa non era a primeira vez que se traía.

Na ría de Barrañán, referente costeiro do noso concello, está contaminada. Nun concello onde o goberno local fai alarde de bandeiras azuis, na ría de Barrañán, polo menos, hai que poñer unha bandeira negra.

Non sabemos se hai máis puntos negros na nosa costa e...

Por iso rogamos:

que dunha vez por todas se recoñeza a causa e se actúe para que a Xunta non lle quite as cores ao goberno local de Arteixo e todos podamos disfrutar do baño nese entorno.

RogoBNG_Balneario. (RE 2026.999.5493 do 22.05.2025).-

HUMIDADES NO EDIFICIO DO BALNEARIO

EXPOSICIÓN

No edificio do Balneario, en concreto na zona adicada na planta baixa ao *Concilia* para nenos e nenas, estanse a detectar humidades no chan que provocan o levantamento do mesmo.

Por iso rogamos:

Que se actúe sobre este problema e se amañen axeitadamente estas deficiencias .

Grupo PARTIDO SOCIALISTA

Preguntas PSOE horarios e pregos SAD (RE 2026.999.5678 do 25.05.2026).-



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

PREGUNTAS PREGOS SERVIZO AXUDA A DOMICILIO

As empresas de Axuda a Domicilio levan facendo dende o ano 1991 e en continuo servizos dende as 7:00 da mañá ata ás 22:00 da noite, no último prego de contratación no que se licitou o contrato estableceron un novo horario no servizo poñendo como inicio ás 8:00, excepto os sábados que comeza ás 7:00, pero a realidade é que na zona norte este servizo se presta a numerosas familias dende as 7 da mañán aínda con este prego.

Sabemos que dende o concello se están intentando cambiar estes servizos das 7 da mañán e sabemos que este tema afecta gravemente aos horarios establecidos dende fai moitos anos para algunhas traballadoras con concreción horaria, a planificación dos servizos e tendo en conta as dificultades que teñen as empresas para captar traballadoras/es para este servizo e que en concellos como o de A Coruña o horario de comezo son ás 7:00 ou Cambre ás 7:30, cremos que debería de volver a ter esa flexibilidade no horario, tal e como estaba establecido nos pregos previos ao último que se licitou.

Tamén sabemos que os/as traballadores/as foron conseguindo melloras nas súas condicións laborais cos anos do servizo e que deberían de intentar incluírse dentro dos pregos de contratación para os dous lotes que o goberno di que está a redactar e pasasen a ser unha obriga de cumprimento para as empresas que concursan.

Por todo isto, o Grupo Socialista no Concello de Arteixo quere **PREGUNTARLLE** ao goberno local:

- ¿Teñen previsto respectar o horario establecido dende o ano 1991 de 7:00 a 22:00 para os servizos de SAD no novo prego en redacción e teñen previsto reunirse cos representantes sindicais das empresas do SAD para incluír nos pregos de contratación os dereitos adquiridos polos traballadores/as?

Preguntas PSOE maleza en fincas e pistas maio 26 (RE 2026.999.5678 do 25.05.2026).-

PREGUNTAS LIMPEZA DE MALEZA E CAMIÑOS MUNICIPAIS

Todos os propietarios de parcelas forestais teñen a obrigatoriedade de limpalas antes do 31 de maio, tal e como recolle a Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. A obriga é de todo o ano, pero esta data é a límite ao comezar a época de alto risco, unha vez pasada, o Concello pode entrar a limpar pola vía da execución subsidiaria —e pasar a correspondente factura ao propietario— ademais de impoñer multas coercitivas de 900 € por hectárea cada tres meses mentres persista o incumplimento e abrir o expediente correspondente, con sancións que poden ir dos 1.000 aos 10.000 € (art. 22 da Lei 3/2007).

O Concello debера recordarlle á poboación que a lexislación obriga a manter unha franxa de 50 metros limpa de biomasa arredor de vivendas, núcleos urbanos, urbanizacións, gasoleiras, cámpings, depósitos de lixo e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte. Tamén arredor das edificacións illadas en solo rústico. A FEGAMP estableceu un convenio coa Xunta de Galicia e SEAGA que asinou o noso concello que establece os mecanismos para que a administración local proceda a limpar as súas propiedades e camiños e os propietarios privados fagan o mesmo nas súas parcelas.

Os concellos ademais deben elaborar un Plan Municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais que o concello aprobou no 2024 e teñen a obriga de



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

identificar ás persoas titulares das parcelas incluídas nas faixas de xestión da biomasa.

Neste mes algúns veciños/as se puxeron en contacto co noso grupo para denunciar a falla de limpeza dalgúns parcelas colindantes a vivendas dos nosos núcleos urbanos e rurais que deberan de atoparse limpas de maleza e suciedade e vemos como hai concellos que fan unha campaña de sensibilización e información para que a veciñanza actúe conforme a lei.

Por outra banda a cidadanía está a transmitirnos a necesidade de que o concello axilice a eliminación da maleza das pistas municipais, xa que moitas teñen difícil tránsito.

Por todo isto, o Grupo Socialista no Concello de Arteixo quere **PREGUNTARLLE** ao goberno local:

- ¿Por que o concello non utiliza os medios ao seu alcance para publicitar a obrigatoriedade de ter limpas as parcelas como fan outros concellos para evitar problemas cos lumes forestais e como vai o proceso de inspección daquelas que non se limparon e se sitúan preto das vivendas ?
- ¿Cando teñen previsto ter limpa a maleza nas pistas municipais do concello para evitar inseguridade viaria?

Preguntas PSOE pintadas insultantes e racistas maio 2026 (RE 2026.999.5678 do 25.05.2026).-

PREGUNTAS SOBRE O INCUMPRIMENTO DE LIMPEZA DE MARQUESINAS CON INSULTOS ANTIDEMOCRÁTICOS E RACISTAS

Dende o Grupo Municipal Socialista observamos con tristeza a desidia e o incumprimento sistemático da “palabra dada” do grupo de goberno cando reciben os rogos dos grupos da oposición que contestan dende o goberno coa promesa de solucións.

Do mesmo xeito o PP aproba mocións da oposición sabendo que unha vez remate a sesión plenaria os acordos acabarán nun caixón sen que o grupo de goberno trate de cumprir o acordado, tomándolle o pelo ao resto dos grupos políticos, a institución que gobernan, a veciñanza e a unha democracia que cada día ten peor imaxe dos seus representantes.

Neste caso queremos denunciar unha situación que denunciámos fai moitos meses con fotografías, a aparición de pintadas en marquesinas do noso concello, onde se escribía literalmente “PUTO PSOE”, “FUERA MOROS”,..., estas 2 marquesinas están situadas na pista que comunica o igrexario de Pastoriza con Meicende e que engancha co camiño peonil que leva ao Monticaño.

Cando o noso grupo denunciou a existencia destas graves pintadas, o alcalde dixo que se procedería a limpalas con urxencia, pero moitos meses despois, seguimos na

mesma situación e nos preguntamos se pasaría o mesmo se os insultados fosen do seu propio partido.

Por todo isto, o Grupo Socialista no Concello de Arteixo quere **PREGUNTARLLE** ao goberno local:

- ¿Cando teñen previsto cumprir o prometido fai moitos meses e limpar as 2 marquesinas da pista municipal que vai dende o Igrexario de Pastoriza ata Meicende con pintadas ofensivas, insultantes e racistas?

Rogo PSOE ordenanza de taxis (RE 2026.999.5737 do 27.05.2026).-

ROGO ORDENANZA DE TAXIS

O mes pasado preguntábamnos polo incumprimento sistemático do grupo de goberno da súa palabra para regular o control de ruídos e de instalación e horarios das terrazas no concello de Arteixo. Na resposta o alcalde dixo que primeiro falaríamos da ordenanza de Taxis que aprobaron inicialmente fai uns meses e logo seguirían coas outras dúas que levan meses e incluso anos en espera.

A realidade é que este mes o grupo de goberno non falou coa oposición da ordenanza de taxis e das alegacións que presentou o noso grupo, pero nos consta que tampouco iniciou conversacións coa asociación de taxis do noso concello que tamén presentou alegacións.

O alcalde dixo en Xunta de Voceiros fai unha semana que estaban a mirar que recoller das alegacións, pero deben estar discutindo consigo mesmo ou entre os membros do grupo de goberno, porque ninguén que non sexa do Grupo Municipal do PP tivo algunha conversa nin debate sobre como mellorar o sistema de taxis tanto para os usuarios como para os profesionais.

Por todo isto, o Grupo Socialista no Concello de Arteixo quere **ROGARLLE** ao goberno local:

- Inicie conversacións cos grupos da oposición e co colectivo de taxistas para poder ter unha nova ordenanza reguladora que mellore o servizo para os usuarios e a situación dos profesionais do sector.

Rogo PSOE acondicionamento aparcamento Sinforiano Lopez (RE 2026.999.5737 do 27.05.2026).-

ROGO SOLICITANDO MELLORAS NO APARCAMENTO DA RÚA SINFORIANO LÓPEZ

O grupo socialista leva pedindo dende o ano 2023 que o goberno local xestionase a cesión das parcelas do entorno da unidade de actuación situada entre as rúas Sinforiano López e Guerra da Independencia para dotar a esta zona de aparcamento público, no primeiro momento o concelleiro de urbanismo afirmou en contestación ao noso grupo en pleno que dita cesión non era a solución aos problemas de aparcamento pero tempo despois as redes sociais do concello publicaban a cesión de dúas parcelas en Sinforiano López e na Travesía da Avenida de Fisterra que serían destinadas a aparcamento público.

Dende o noso grupo felicitamos ao goberno local por dita decisión que tanto solicitamos e comunicámoslle en diversas ocasións que acondicionaran ben o lugar para facilitar o acceso peonil e evitar que se enchese a zona de terra e lodo e que se realizase en condicións de seguridade para os usuarios/as. Esta solicitude pódese ver no rogo de Xuño de 2025 no que pedíamos literalmente *"o Grupo Socialista no Concello de Arteixo quere ROGARLLE ao goberno local que leve a cabo as actuacións necesarias para que ditos aparcamentos públicos estean acondicionados para ter un bo acceso e unhas condicións de seguridade e a salubridade axeitada"*.

A realidade da zona pode verse nas imaxes que incluímos a continuación, como o terraplén que hai dende a avenida Fisterra non se acondicionou e por outra banda

resulta raro que unha actuación desta índole se realice sen planificar a instalación de puntos iluminación para evitar situacións de inseguridade:

Por todo isto, o Grupo Socialista no Concello de Arteixo quere **ROGARLLE** ao goberno local:

- Acondicione un acceso peonil dende a Avenida Fisterra aproveitando a beirarrúa existente e faga as actuacións necesarias para evitar que este terraplén siga enchendo a rúa de terra e lodo e se instalen puntos de luz para dar seguridade aos usuarios/as que deixan o seu vehículo neste aparcamento.

Rogo PSOE aparcamento avd Pastoriza e Gregorio Hernandez (RE 2026.999.5737 do 27.05.2026).-

ROGO PEDINDO QUE SE HABILITE ZONA DE APARCAMENTO NA AVD DE PASTORIZA SE ELIMINE UN ESPAZO NON APTO PARA APARCAMENTO NA RÚA GREGORIO HERNÁNDEZ

Na rúa Gregorio Hernandez do núcleo urbano de Pastoriza existe un tramo na parte esquerda baixando cara a Avenida de Pastoriza onde diariamente aparcan vehículos sen existir o espazo suficiente para tal fin, como se pode observar na foto que achegamos neste rogo.

Fai anos que a veciñanza denuncia que tódolos días aparecen coches aparcados neste lugar que imposibilitan una boa circulación e a saída dos garaxes da rúa. (Engadimos fotos sacadas en diferentes días e meses ao longo do ano)

Somos coñecedores da falla de lugares de aparcamento nesta zona e como se utilizan parcelas do entorno para aparcar sen estar preparadas para tal fin, como no enlace desta rúa coa Avenida e Pastoriza.

Por todo isto, o Grupo Socialista no Concello de Arteixo quere **ROGARLLE** ao goberno local:

- Que se realicen as actuacións necesarias para evitar o aparcamento neste espazo da rúa Gregorio Hernández.
- Se habiliten zonas de aparcamento para a veciñanza nesta zona nas condicións de limpeza e seguridade adecuadas.

Rematada a intervención, pásase a dar resposta aos rogos e preguntas reflectidos, xenerándose o debate correspondente.

Non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia remátase a sesión, sendo as quince do mesmo día da data, de todo o que eu, Secretario Xeral, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE
José Carlos Calvelo Martínez

O SECRETARIO XERAL
José María Vázquez Pita

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteiro.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

Archivo de video

Sesión :Pleno Ordinario 28.05.2026.-

Archivo :Pleno Ordinario 28.05.2026.-.mp4

Código SHA512 (Hash) del
video :fc45be1dc78099b0277b025f9032fa5b3de79231b6fd768d5cae2cc4e4b922c2c69921
8c36f29fec653d57fa2d62de24da84d01aa1c06154a1f15c643e4a50c4

Catalogación de la sesión

**** 00:00:34.160 - (9:35:47) - 00:00:43.058 : A) PARTE RESOLUTIVA.- 1. APROBACIÓN,
SE PROCEDE, DOS BORRADORES DE ACTA DE SESIÓN ANTERIORES (Pleno Extraordinario
do 14.04.2026 e Pleno Ordinario do 30.04.2026).-

00:00:38.256 - (9:35:51) - 00:00:24.931 : Calvelo Martínez, Carlos

00:01:12.303 - (9:36:25) - 00:00:10.915 : Secretario/a

**** 00:01:17.238 - (9:36:30) - 00:00:10.996 : 2. DACIÓN CONTA INFORMACIÓN TRIMESTRAL
DA EXECUCIÓN ORZAMENTARIA 1ºT 2026.

00:01:12.303 - (9:36:25) - 00:00:10.915 : Secretario/a

00:01:25.334 - (9:36:38) - 00:01:00.994 : Secretario/a

**** 00:01:28.254 - (9:36:41) - 00:35:29.949 : 3. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES
REGULADORAS DE SUBVENCIONES PARA ASOCIACIONES DE VECINOS DESTINADAS AO
FOMENTO DA CONVIVENCIA.-

00:01:25.334 - (9:36:38) - 00:01:00.994 : Secretario/a

00:02:35.459 - (9:37:48) - 00:00:49.978 : Martínez Canosa, Noelia

00:03:25.537 - (9:38:38) - 00:03:17.306 : Couto Rodríguez, Xosé Xurxo

00:06:46.943 - (9:41:59) - 00:04:11.338 : Seco, Martín

00:11:02.412 - (9:46:15) - 00:05:24.572 : Ramos Álvarez, Inés

00:16:29.115 - (9:51:42) - 00:01:05.057 : Martínez Canosa, Noelia

00:17:38.272 - (9:52:51) - 00:02:47.212 : Couto Rodríguez, Xosé Xurxo

00:20:29.584 - (9:55:42) - 00:02:15.056 : Seco, Martín

00:22:46.756 - (9:57:59) - 00:01:58.181 : Ramos Álvarez, Inés

00:24:45.037 - (9:59:58) - 00:00:12.931 : Seco, Martín

00:24:58.068 - (10:00:11) - 00:00:03.947 : Ramos Álvarez, Inés

00:25:04.084 - (10:00:17) - 00:00:17.931 : Ramos Álvarez, Inés

00:25:22.115 - (10:00:35) - 00:00:10.932 : Seco, Martín

00:25:33.147 - (10:00:46) - 00:00:18.884 : Calvelo Martínez, Carlos

00:25:52.131 - (10:01:05) - 00:01:24.025 : Seco, Martín

00:27:16.256 - (10:02:29) - 00:00:49.056 : Secretario/a

00:28:06.490 - (10:03:19) - 00:00:15.822 : Calvelo Martínez, Carlos

00:28:22.412 - (10:03:35) - 00:00:21.963 : Ramos Álvarez, Inés

00:28:44.475 - (10:03:57) - 00:01:23.025 : Calvelo Martínez, Carlos

00:30:07.600 - (10:05:20) - 00:00:10.915 : Martínez Canosa, Noelia

00:30:18.615 - (10:05:31) - 00:03:54.291 : Calvelo Martínez, Carlos

00:34:13.990 - (10:09:26) - 00:00:04.916 : Calvelo Martínez, Carlos

00:34:26.022 - (10:09:39) - 00:02:15.103 : Calvelo Martínez, Carlos

00:36:51.272 - (10:12:04) - 00:00:10.962 : Secretario/a

**** 00:36:58.223 - (10:12:11) - 00:03:09.449 : 4. APROBACIÓN DEFINITIVA SEGUNDA DO PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUCTURAS E DOTACIÓNS DE CASAS NOVAS (PEID).-

00:36:51.272 - (10:12:04) - 00:00:10.962 : Secretario/a

00:37:07.334 - (10:12:20) - 00:00:14.931 : Martínez Canosa, Noelia

00:37:22.365 - (10:12:35) - 00:00:37.932 : Fernández Iglesias, Raúl José

00:38:01.381 - (10:13:14) - 00:01:08.103 : Seco, Martín

00:39:12.568 - (10:14:25) - 00:00:11.979 : Castro Calvete, Luis Alberto

00:39:24.647 - (10:14:37) - 00:00:35.962 : Calvelo Martínez, Carlos

00:40:01.740 - (10:15:14) - 00:00:10.900 : Secretario/a

**** 00:40:07.692 - (10:15:20) - 00:01:51.105 : 5. PROPOSTA DE RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL DO REGULAMENTO DAS CONDICIÓNS DE TRABALLO DOS FUNCIONARIOS DE POLICIA LOCAL DO CONCELLO DE ARTEIXO.-

00:40:01.740 - (10:15:14) - 00:00:10.900 : Secretario/a

00:40:16.787 - (10:15:29) - 00:00:12.900 : Martínez Canosa, Noelia

00:40:29.787 - (10:15:42) - 00:00:14.900 : Couto Rodríguez, Xosé Xurxo

00:40:45.818 - (10:15:58) - 00:00:14.932 : Seco, Martín

00:41:02.818 - (10:16:15) - 00:00:03.932 : Calvelo Martínez, Carlos

00:41:06.850 - (10:16:19) - 00:00:37.915 : Sánchez Novo, Jose María

00:41:44.865 - (10:16:57) - 00:00:04.916 : Calvelo Martínez, Carlos

00:41:51.912 - (10:17:04) - 00:00:09.885 : Secretario/a

**** 00:41:58.817 - (10:17:11) - 00:04:45.480 : 6. MOCIÓN INSTITUCIONAL PARA REXEITAR A INSTALACIÓN DUNHA PLANTA DE BIOGÁS NO CONCELLO VEDIÑO DA LARACHA (RE 2026/999/5327 do 19.05.2026).-

00:41:51.912 - (10:17:04) - 00:00:09.885 : Secretario/a

00:42:04.897 - (10:17:17) - 00:04:29.400 : Secretario/a

00:46:38.381 - (10:21:51) - 00:00:13.947 : Secretario/a

**** 00:46:44.317 - (10:21:57) - 01:31:02.261 : 7. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL NON ADSCRITO PARA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS EN RELACIÓN COA OCUPACIÓN ILEGAL DO DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL NA TRAVESÍA DE ARTEIXO E A RECLAMACIÓN DAS CANTIDADES E RESPONSABILIDADES QUE LEGALMENTE PROCEDAN (RE 2026/999/5351 do 19.05.2026).-

00:46:38.381 - (10:21:51) - 00:00:13.947 : Secretario/a

00:46:56.428 - (10:22:09) - 00:04:55.556 : Martínez Canosa, Noelia

00:51:52.084 - (10:27:05) - 00:00:32.963 : Calvelo Martínez, Carlos

00:52:25.147 - (10:27:38) - 00:00:58.009 : Fernández Iglesias, Raúl José

00:53:45.240 - (10:28:58) - 00:01:33.150 : Fernández Iglesias, Raúl José

00:55:23.459 - (10:30:36) - 00:04:34.384 : Seco, Martín

00:59:59.959 - (10:35:12) - 00:02:46.228 : Castro Calvete, Luis Alberto

01:02:46.287 - (10:37:59) - 00:02:20.103 : Calvelo Martínez, Carlos

01:05:09.490 - (10:40:22) - 00:00:22.963 : Castro Calvete, Luis Alberto

01:05:32.553 - (10:40:45) - 00:00:27.931 : Castro Calvete, Luis Alberto

01:06:04.568 - (10:41:17) - 00:00:50.072 : Calvelo Martínez, Carlos

01:06:54.740 - (10:42:07) - 00:01:49.057 : Martínez Canosa, Noelia

01:08:43.897 - (10:43:56) - 00:00:26.931 : Calvelo Martínez, Carlos

01:09:10.928 - (10:44:23) - 00:00:05.900 : Martínez Canosa, Noelia

01:09:16.928 - (10:44:29) - 00:00:54.978 : Calvelo Martínez, Carlos



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

01:10:12.006 - (10:45:25) - 00:01:48.072 : Martínez Canosa, Noelia
 01:12:02.162 - (10:47:15) - 00:00:30.994 : Martínez Canosa, Noelia
 01:12:33.256 - (10:47:46) - 00:00:10.931 : Fernández Iglesias, Raúl José
 01:12:44.287 - (10:47:57) - 00:00:13.916 : Martínez Canosa, Noelia
 01:12:58.303 - (10:48:11) - 00:00:02.900 : Maceiras López, Emilio
 01:13:01.303 - (10:48:14) - 00:00:08.915 : Martínez Canosa, Noelia
 01:13:10.318 - (10:48:23) - 00:00:31.947 : Calvelo Martínez, Carlos
 01:13:42.365 - (10:48:55) - 00:00:52.010 : Fernández Iglesias, Raúl José
 01:14:36.443 - (10:49:49) - 00:02:47.244 : Seco, Martín
 01:17:25.818 - (10:52:38) - 00:02:09.088 : Castro Calvete, Luis Alberto
 01:19:37.022 - (10:54:50) - 00:00:34.962 : Martínez Canosa, Noelia
 01:20:15.084 - (10:55:28) - 00:07:37.697 : Calvelo Martínez, Carlos
 01:48:26.990 - (11:23:39) - 00:00:04.932 : Calvelo Martínez, Carlos
 01:48:32.022 - (11:23:45) - 00:00:14.900 : Secretario/a
 01:48:49.037 - (11:24:02) - 00:03:09.228 : Seco, Martín
 01:52:05.350 - (11:27:18) - 00:02:14.993 : Martínez Canosa, Noelia
 01:54:20.443 - (11:29:33) - 00:02:27.104 : Couto Rodríguez, Xosé Xurxo
 01:56:52.662 - (11:32:05) - 00:03:43.213 : Ramos Álvarez, Inés
 02:00:36.959 - (11:35:49) - 00:05:02.338 : Seco, Martín
 02:05:42.397 - (11:40:55) - 00:01:03.025 : Martínez Canosa, Noelia
 02:06:45.522 - (11:41:58) - 00:01:40.118 : Couto Rodríguez, Xosé Xurxo
 02:08:29.740 - (11:43:42) - 00:03:27.166 : Ramos Álvarez, Inés
 02:11:57.006 - (11:47:10) - 00:00:39.947 : Seco, Martín
 02:12:37.053 - (11:47:50) - 00:00:07.915 : Ramos Álvarez, Inés
 02:12:48.084 - (11:48:01) - 00:01:03.994 : Seco, Martín
 02:13:54.209 - (11:49:07) - 00:00:02.884 : Calvelo Martínez, Carlos
 02:13:57.193 - (11:49:10) - 00:00:36.994 : Ramos Álvarez, Inés
 02:14:34.287 - (11:49:47) - 00:00:06.900 : Seco, Martín
 02:14:41.287 - (11:49:54) - 00:00:03.885 : Calvelo Martínez, Carlos
 02:14:46.256 - (11:49:59) - 00:00:08.962 : Calvelo Martínez, Carlos
 02:14:55.318 - (11:50:08) - 00:00:07.869 : Seco, Martín
 02:15:03.287 - (11:50:16) - 00:00:39.010 : Ramos Álvarez, Inés
 02:15:43.428 - (11:50:56) - 00:01:53.040 : Calvelo Martínez, Carlos
 02:17:37.553 - (11:52:50) - 00:00:09.025 : Secretario/a

**** 02:17:46.598 - (11:52:59) - 00:00:14.902 : 8. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PROPOÑENDO UN NOVO SISTEMA DE BECAS EDUCATIVAS DO CONCELLO DE ARTEIXO (RE 2026/999/5351 do 19.05.2026).-

02:17:50.584 - (11:53:03) - 00:04:16.384 : Cedeira, Ana

**** 02:18:01.520 - (11:53:14) - 00:32:39.261 : 9. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA REXEITANDO A IMPLANTACIÓN DO DENOMINADO CRITERIO DE "PRIORIDADE NACIONAL" (RE 2026/999/5351 do 19.05.2026).

02:17:50.584 - (11:53:03) - 00:04:16.384 : Cedeira, Ana

02:22:13.037 - (11:57:26) - 00:05:42.431 : Martínez Canosa, Noelia

02:27:57.584 - (12:03:10) - 00:00:04.916 : Calvelo Martínez, Carlos

02:28:03.584 - (12:03:16) - 00:03:08.322 : Fernández Iglesias, Raúl José

02:31:16.037 - (12:06:29) - 00:01:34.119 : Ramos Álvarez, Inés

02:32:54.240 - (12:08:07) - 00:05:16.307 : Cedeira, Ana

02:38:14.678 - (12:13:27) - 00:01:18.947 : Martínez Canosa, Noelia

02:39:33.725 - (12:14:46) - 00:02:29.150 : Fernández Iglesias, Raúl José

02:42:20.053 - (12:17:33) - 00:00:03.931 : Fernández Iglesias, Raúl José
02:42:31.084 - (12:17:44) - 00:01:32.025 : Ramos Álvarez, Inés
02:44:06.209 - (12:19:19) - 00:02:37.197 : Cedeira, Ana
02:46:47.506 - (12:22:00) - 00:03:40.259 : Calvelo Martínez, Carlos
02:50:34.865 - (12:25:47) - 00:00:13.932 : Secretario/a

**** 02:50:40.801 - (12:25:53) - 00:32:58.339 : 10. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG
PARA DOTAR DE EQUIPAMENTO E PERSOAL PRECISO A INSTALACIÓN DE RAIOS X NO
CENTRO DE SAÚDE DE ARTEIXO.-

02:50:34.865 - (12:25:47) - 00:00:13.932 : Secretario/a
02:50:48.897 - (12:26:01) - 00:01:58.025 : Fernández Iglesias, Raúl José
02:52:47.022 - (12:28:00) - 00:00:49.931 : Martínez Canosa, Noelia
02:53:37.053 - (12:28:50) - 00:00:20.931 : Fernández Iglesias, Raúl José
02:54:08.115 - (12:29:21) - 00:01:46.057 : Martínez Canosa, Noelia
02:55:56.240 - (12:31:09) - 00:05:03.666 : Seco, Martín
03:01:16.022 - (12:36:29) - 00:04:38.275 : Ramos Álvarez, Inés
03:05:55.397 - (12:41:08) - 00:04:17.321 : Fernández Iglesias, Raúl José
03:10:17.803 - (12:45:30) - 00:01:30.087 : Martínez Canosa, Noelia
03:11:49.975 - (12:47:02) - 00:02:02.087 : Seco, Martín
03:13:55.162 - (12:49:08) - 00:02:24.213 : Ramos Álvarez, Inés
03:16:21.490 - (12:51:34) - 00:00:06.916 : Fernández Iglesias, Raúl José
03:16:28.506 - (12:51:41) - 00:00:03.869 : Ramos Álvarez, Inés
03:16:32.475 - (12:51:45) - 00:01:44.087 : Fernández Iglesias, Raúl José
03:18:25.725 - (12:53:38) - 00:00:31.900 : Calvelo Martínez, Carlos
03:18:58.756 - (12:54:11) - 00:04:28.337 : Calvelo Martínez, Carlos
03:23:28.178 - (12:58:41) - 00:00:04.025 : Calvelo Martínez, Carlos
03:23:32.303 - (12:58:45) - 00:00:12.806 : Secretario/a

**** 03:23:39.160 - (12:58:52) - 00:27:27.574 : 11. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG
PARA CONDENAR O ASALTO ILEGAL DE ISRAEL Á FLOTILLA HUMANITARIA GLOBAL SUMUD
(RE 2026.999.5493 do 22.05.2025).-

03:23:32.303 - (12:58:45) - 00:00:12.806 : Secretario/a
03:23:47.240 - (12:59:00) - 00:03:27.307 : Couto Rodríguez, Xosé Xurxo
03:27:20.647 - (13:02:33) - 00:01:40.134 : Martínez Canosa, Noelia
03:29:03.897 - (13:04:16) - 00:05:02.321 : Cedeira, Ana
03:34:09.318 - (13:09:22) - 00:01:20.010 : Ramos Álvarez, Inés
03:35:31.459 - (13:10:44) - 00:04:12.275 : Couto Rodríguez, Xosé Xurxo
03:39:44.959 - (13:14:57) - 00:01:08.884 : Couto Rodríguez, Xosé Xurxo
03:40:56.943 - (13:16:09) - 00:00:08.900 : Calvelo Martínez, Carlos
03:41:05.943 - (13:16:18) - 00:01:36.088 : Martínez Canosa, Noelia
03:42:46.115 - (13:17:59) - 00:02:08.025 : Seco, Martín
03:44:59.225 - (13:20:12) - 00:00:42.962 : Ramos Álvarez, Inés
03:45:45.287 - (13:20:58) - 00:01:53.088 : Couto Rodríguez, Xosé Xurxo
03:47:43.506 - (13:22:56) - 00:03:18.212 : Calvelo Martínez, Carlos
03:51:02.850 - (13:26:15) - 00:00:15.900 : Secretario/a

**** 03:51:06.754 - (13:26:19) - 00:17:16.636 : 12. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE NON
ADSCRITOS PARA DEMANDAR O ARRANXO URXENTE E O REASFALTADO INTEGRAL DA
ESTRADA AC-552 AO SEU PASO POLO MUNICIPIO DE ARTEIXO (RE 2026.999.5549 do
25.05.2026).-

03:51:02.850 - (13:26:15) - 00:00:15.900 : Secretario/a



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

03:51:22.850 - (13:26:35) - 00:02:28.087 : Martínez Canosa, Noelia
03:53:53.022 - (13:29:06) - 00:01:33.103 : Couto Rodríguez, Xosé Xurxo
03:55:28.193 - (13:30:41) - 00:03:57.291 : Seco, Martín
03:59:27.615 - (13:34:40) - 00:03:29.228 : Caamaño Varela, José Manuel
04:03:02.943 - (13:38:15) - 00:01:18.057 : Martínez Canosa, Noelia
04:04:33.115 - (13:39:46) - 00:03:38.275 : Calvelo Martínez, Carlos
04:08:13.506 - (13:43:26) - 00:00:28.884 : Secretario/a

**** 04:08:23.410 - (13:43:36) - 00:00:03.012 : 13. ASUNTOS DE URXENCIA.-
04:08:13.506 - (13:43:26) - 00:00:28.884 : Secretario/a

**** 04:08:26.442 - (13:43:39) - 01:16:27.230 : B) PARTE DE CONTROL.- 1. DACIÓN DE
CONTA DOS DECRETOS E BANDOS DITADOS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA E DAS XUNTAS
DE GOBERNO LOCAL.- 2. ROGOS E PREGUNTAS.-

04:08:13.506 - (13:43:26) - 00:00:28.884 : Secretario/a
04:08:42.490 - (13:43:55) - 00:01:15.088 : Calvelo Martínez, Carlos
04:09:59.647 - (13:45:12) - 00:05:16.540 : Martínez Canosa, Noelia
04:15:20.334 - (13:50:33) - 00:01:17.009 : Martínez Canosa, Noelia
04:16:37.443 - (13:51:50) - 00:02:22.025 : Fernández Iglesias, Raúl José
04:19:01.584 - (13:54:14) - 00:02:29.166 : Couto Rodríguez, Xosé Xurxo
04:21:30.850 - (13:56:43) - 00:06:14.525 : Seco, Martín
04:27:47.490 - (14:03:00) - 00:34:08.057 : Calvelo Martínez, Carlos
05:01:55.647 - (14:37:08) - 00:10:02.821 : Caamaño Varela, José Manuel
05:11:59.553 - (14:47:12) - 00:00:47.962 : Calvelo Martínez, Carlos
05:12:47.615 - (14:48:00) - 00:00:06.932 : Calvelo Añón, José Antonio
05:12:54.647 - (14:48:07) - 00:00:34.993 : Calvelo Martínez, Carlos
05:13:32.756 - (14:48:45) - 00:03:28.181 : Ramos Álvarez, Inés
05:17:01.037 - (14:52:14) - 00:00:47.916 : Seco, Martín
05:17:49.053 - (14:53:02) - 00:00:04.947 : Calvelo Martínez, Carlos
05:17:55.131 - (14:53:08) - 00:00:13.853 : Calvelo Martínez, Carlos
05:18:09.084 - (14:53:22) - 00:00:03.916 : Seco, Martín
05:18:13.100 - (14:53:26) - 00:00:12.931 : Calvelo Martínez, Carlos
05:18:26.131 - (14:53:39) - 00:00:02.916 : Seco, Martín
05:18:29.147 - (14:53:42) - 00:00:03.931 : Calvelo Martínez, Carlos
05:18:33.178 - (14:53:46) - 00:00:03.900 : Seco, Martín
05:18:37.178 - (14:53:50) - 00:00:07.869 : Ramos Álvarez, Inés
05:18:45.147 - (14:53:58) - 00:00:09.931 : Calvelo Martínez, Carlos
05:18:55.178 - (14:54:08) - 00:01:28.009 : Ramos Álvarez, Inés
05:20:23.287 - (14:55:36) - 00:00:53.978 : Calvelo Martínez, Carlos
05:21:17.365 - (14:56:30) - 00:00:18.994 : Ramos Álvarez, Inés
05:21:36.459 - (14:56:49) - 00:00:22.978 : Calvelo Martínez, Carlos
05:21:59.537 - (14:57:12) - 00:00:07.869 : Ramos Álvarez, Inés
05:22:10.522 - (14:57:23) - 00:00:17.931 : Calvelo Martínez, Carlos
05:22:28.553 - (14:57:41) - 00:01:33.009 : Castro Calvete, Luis Alberto
05:24:01.662 - (14:59:14) - 00:00:52.010 : Calvelo Martínez, Carlos
